- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.
- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Adicarase á avaliación inicial ás dúas (2) primeiras sesións do curso.
- Proporase unha rúbrica de autoavaliación, que se reutilizará ao longo do curso, podendo constatar os progresos realizados.
- Pendurarase na aula virtual un formulario de presentación a encher telemáticamente.
- Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.
- Proporase algunha proba, similar ás do DELF escolar, ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (de cara a constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar o curso), ben do nivel correspondente ao perfil de saída do presente curso (de cara a mostrar ao alumnado o camiño que queda por percorrer, salientando aquelas destrezas nas que o nivel é máis alto e, polo tanto, a distancia a salvar menor).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	25	25	100
Proba escrita	35	35	35	35	35	35	35
Táboa de indicadores	65	65	65	65	65	65	65

Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.2 desta programación, para cada unha das UD.

a) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos en todas as destrezas.

b) Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión oral e escrita e de expresión escrita.

c) Entre as tarefas, proporase a realización de proxectos en grupo, exercicios e redaccións individuais, a participación en "jeux de rôle", pequenas exposicións orais e gravación de vídeos e/ou podcasts, tarefas de mediación, portfolio de autoavaliación, etc.

d) Para a valoración das distintas tarefas orais elaboraranse táboas de indicadores que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación 1.4, 1.8, 1.9, 1.11, 1.12, 2.1, 2.2, e 3.4.

e) Elaborarase unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación: 1.10, 1.13, 2.3, 2.4, 2.5, 3.1, 3.2, 3.3. Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa na aula e ó control de entrega de tarefas.

f) A cualificación da avaliación final obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (30% - 30% - 40% respectivamente).

g) A cualificación trimestral obterase do seguinte modo:

Probas escritas de comprensión oral: 20 %

Probas escritas de comprensión escrita : 20 %

Probas escritas de expresión escrita: 20 %

Probas orais de expresión oral (coas súas rúbricas): 20 %

Táboa de observación e mediación (nota de clase): 20 % Para superar a materia será necesario acadar alomenos un 3 sobre 10 en cada un dos apartados e que a nota media sexa igual ou superior a 5 sobre 10.

Criterios de recuperación:

1) As actividades de recuperación para o alumnado que non superase parte da materia realizaranse antes da avaliación final. Estes alumnado deberá presentarse para recuperar só as destrezas que teñan suspensas e a nota acadada fará media co resto de notas da 3ª avaliación.

2) Avaliación ó longo do curso seguinte no caso de non aprobar en xuño.

- Os alumnos que teñan que recuperar o francés de cursos anteriores poderán facelo dos seguintes modos:

a) Aprobando calquera dos trimestres do francés de 2º ESO. En todo caso, tamén aprobarán automaticamente o francés pendente tódolos alumnos que aproben o francés de 2º.

b) Os alumnos que teñan o francés de cursos anteriores pendente e non aproben polo procedemento descrito anteriormente deberán:

- entregar feitas as actividades de repaso.

- presentarse a dúas probas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

- Os alumnos que teñan que recuperar o francés de cursos anteriores poderán facelo dos seguintes modos:

a) Aprobando calquera dos trimestres do francés de 2º ESO. En todo caso, tamén aprobarán automaticamente o francés pendente tódolos alumnos que aproben o francés de 2º.

b) Os alumnos que teñan o francés de cursos anteriores pendente e non aproben polo procedemento descrito anteriormente deberán:

- entregar feitas as actividades de repaso que se lles entregarán nas datas que fixe o departamento.

- presentarse a dúas probas, na data que fixe a xefatura de estudos, que avaliarán a competencia comunicativa do alumno.

Nota: os alumnos que cursen programas de mellora ou que, estando exentos de francés en 1º ESO teñan que recuperar o de primeiro, só terán que realizar as actividades de repaso que se lles entregarán. Estas actividades contarán o 100 % da nota.

c) Os alumnos que non aproben a materia na avaliación ordinaria poderán presentarse á proba extraordinaria na data que marque a xefatura de estudos.

- Os instrumentos de avaliación son:

1) Dossieres de actividades : O departamento elaborará, conforme ó temario e ás características dos alumnos, dous dossieres de actividades que serán entregados ós alumnos e que os alumnos deberán devolver feitos.

2) Probas Cada unha das probas constará de catro partes: comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita. O tipo de exercicios que poderán incluírse nestas probas están especificados no apartado 4.

- Criterios de cualificación No caso de que o alumno aprobe polo procedemento a), a súa nota será a mesma que obteña en 2º da ESO. No caso de que o alumno aprobe polo procedemento b), a súa nota será calculada do seguinte xeito:

Dossier 1: 20%

Dossier 2: 20%

Proba 1: 30% (25% cada unha das 4 destrezas de comprensión e expresión)

Proba 2: 30% (25% cada unha das 4 destrezas de comprensión e expresión)

Para superar a materia será necesario acadar como mínimo un 3 sobre 10 en cada unha das partes das probas e que a media total entre a nota das probas e dos dossieres sexa igual ou superior a 5. No caso de que o alumno aprobe polos procedementos c), a súa nota será calculada cun valor de 25% cada unha das 4 destrezas de comprensión e expresión.

Para superar a materia será necesario acadar como mínimo un 3 sobre 10 en cada unha das partes da proba e que a media sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades

adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditarlo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexistación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartíranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos,

culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Propóranse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Propórase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Propóranse tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira no primeiro curso da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Dereitos da infancia		X	X		X	X
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible		X				X
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual		X	X		X	X
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual	X	X		X	X	X
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial		X		X		X
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores		X	X		X	X
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Journée de la Francophonie	Organizaranse actividades de carácter lúdico e cultural para celebrala.		X	
Clube de lectura	Poderán ler e comentar diversos textos seleccionados polo profesor en función do nivel e dos gustos dos alumnos participantes.	X	X	X
Festival de cinema	Organizado polo alumnado de 4º ESO para dar a coñecer diversas películas francófonas.			X
Saídas ao cine e o teatro.	En función do interese da programación das salas da cidade.	X	X	X
Actividades propostas polo/a auxiliar de conversa	Actividades culturais ou lingüísticas propostas polo/a auxiliar de conversa ó longo do curso.	X	X	X
Festas populares francófonas	O Samaín de Galicia e da Bretaña francesa, a festividade de Saint Nicolas no noreste de Francia, a Chandeleur, o Poisson d'Avril, etc.	X	X	X

Observacións:

Todas estas actividades levaranse a cabo segundo a temporización ou o orzamento que teña o centro para cada unha delas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados de avaliación.
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Metodoloxía empregada
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Nivel de satisfacción do alumnado.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación do libro de texto.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.

d) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.

b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.

b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.

- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.

- As dificultades atopadas.

- Os factores que influíron nas dificultades.

- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.

- As propostas de innovación necesarias.

- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.

- As medidas de atención á diversidade utilizadas.

- Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.

b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse constatar co número de sesións adicadas.

c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados

1. 1. Actividades propostas polo auxiliar de conversa

Neste centro temos a sorte de poder desfrutar dos coñecementos de auxiliares de conversa francófonos que nos axudan a elebaorar actividades de carácter lingüístico ou cultural. Acostumamos a facer actividades propias da clase, pero ás veces ensínannos a elaborar xogos ou trabalinguas que non coñecemos, polo que serve de gran axuda. Ademáis, grazas a eles/as, podemos descubrir particularidades da lingua francesa que se levan a cabo en rexxistros máis familiares e que mediante o ensino formal non coñecemos. En conclusión, as actividades propostas polos /as auxliars de conversa son de moita axuda, xa que grazas a eles/as podemos mergullarnos plenamente na francofonía.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

1. Introducción

A programación que se presenta a continuación está enmarcada no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia; DOG do 26/09/2022.

Está contextualizada no curso de 2º ESO. Neste curso, a materia busca, fundamentalmente, que o alumnado coñeza e practique unha variedade de actividades que lles permita manter unha vida activa e saudable e utilizar a EF como vehículo de socialización promovendo a súa autoestima.

O Instituto está situado en Monte Porreiro que é unha urbanización cunha poboación maioritariamente urbana e xoven, situada ao leste do núcleo urbano da cidade de Pontevedra da que dista 3km.

Como datos máis relevantes sobre a súa poboación debemos suliñar que esta é máis nova que a media do municipio; dentro da súa diversidade social, ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana.

Segundo os datos do ISEC, que estuda o Índice Socioeconómico e Cultural, a esta poboación está catalogada como de nivel baixo.

O tipo de alumnado que acude ao centro é fundamentalmente da zona de influencia do Instituto, de Monte Porreiro e Mourente. Tamén temos moito alumnado derivado da Cidade Infantil Príncipe Felipe. É polo tanto moi heteroxéneo, presentando diferentes situacións socio familiares, cunha proporción importante de familias desestructuradas e presentando situacións sociais complexas.

É un alumnado de difícil motivación en moitos casos, polo que a materia de Educación Física favorece a súa inclusión e socialización.

Os resultados son bos en xeral, cunha taxa de aprobados elevada nos primeiros dous cursos, nos que os suspensos están en relación directa co absentismo escolar.

No presente curso temos 4 cursos de 2º ESO: 2º A (27alumnos), 2º B (27alumnos), 2º C (26 alumnos) e 2º D (25 alumnos)

O centro conta cunha pista polideportiva na planta -1, un aula de expresión corporal e 3 pistas exteriores, de fútbol sala, baloncesto e voleibol.

A contorna do centro ofrece a posibilidade de utilizar a beira do río e o barrio de Monte Porreiro conta cun espazo natural chamado O Mirador (a menos de dez minutos do instituto).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Mellor condición física, vida máis saudable	Actividades de activación corporal, de mellora das capacidades de resistencia e forza. Probas de valoración do nivel de condición física.	15	10	X		
2	Alimentación saudable: valor nutricional dos alimentos	Alimentación saudable e valor nutricional dos alimentos. AF como medio para previr trastornos alimentarios. Elaboración dun sketch/anuncio para expoñer na semana do 21/nov (Día Mundial da televisión)	5	4	X		
3	Representamos o Samaín	Expresión de sentimentos e emocións coa temática de Samaín. Montaxe dunha "casa do terror".	5	4	X		
4	Deporte colectivo: Baloncesto e balonkorf	Aprendizaxe das habilidades básicas individuais e colectivas, técnicas e tácticas, do baloncesto, que lles permitan resolver diferentes situación de xogo.	10	8	X		
5	Deporte de adversario: xogos con palas	Aprendizaxe das habilidades básicas dos deportes con palas: palas, tenis-playa, volantón, bolpa, paladós ou shuttleball	10	6		X	
6	Coido a miña espalda: prevención de dores	Exercicios de mobilidade, estiramento e fortalecemento das articulación e musculatura da espalda.	6	4		X	
7	Bailes e danzas do mundo e de Galicia	Bailes e danzas do mundo e de Galicia	8	6		X	
8	Deporte individual: habilidades ximnásticas e coordinativas	Actividades e secuencias para a aprendizaxe de habilidades ximnásticas. Montaxe dunha pequena secuencia/coreografía.	10	6		X	
9	A muller no deporte	Elaboración dunha exposición de mulleres deportistas e profesionais do deporte.	3	2		X	
10	Descubrimos o noso entorno para realizar actividades físicas	Actividades e xogos no entorno próximo: parques, praia, sendeiros, e outros	5	4			X
11	Deporte colectivo: voleibol e pínfuvote	Aprendizaxe das habilidades básicas individuais e colectivas, técnicas e tácticas, do voleibol, que lles permitan resolver diferentes situación de xogo.	10	6			X
12	Xogos e deportes interculturais e galegos	Xogos e deportes do mundo, populares de Galicia e alternativos	8	6			X
13	Primeiros auxilios	Medidas básicas de primeiros auxilios	5	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Mellor condición física, vida máis saudable	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Establecer e organizar secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Establecer secuencias sinxelas de actividades físicas, a partir dunha valoración inicial.	TI	100
CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal e dosificación do esforzo		
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		
CA2.3 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais		
CA2.5 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo. - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva. - Saúde social: - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices. - A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios. - Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de mecanismos de autoavaliación para reconducir os procesos de traballo. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. <ul style="list-style-type: none"> - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.

UD	Título da UD	Duración
2	Alimentación saudable: valor nutricional dos alimentos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar con progresiva autonomía principios de alimentación saudable		
CA1.4 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.		
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto	TI	100
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando o volume e a intensidade da tarefa ás características persoais. - Alimentación saudable e valor nutricional dos alimentos. - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais. - Saúde mental:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.

UD	Título da UD	Duración
3	Representamos o Samaín	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto	TI	100
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar en manifestacións artístico-expresivas vinculadas coa cultura propia		
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices. - A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. - Técnicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
4	Deporte colectivo: Baloncesto e balonkorf	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto	TI	100
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo		
CA2.5 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros		
A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso. Dependendo dos resultados aplicaranse Reforzos educativos e ACS ao alumnado que o precise.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	15	17	15	17	15	17	100
Proba escrita	74	74	74	74	74	74	74	74
Táboa de indicadores	26	26	26	26	26	26	26	26

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación

A avaliación será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

OBXECTIVO 1: Comprensión oral e escrita (CA1.1 + CA 1.2): 20%.

Cuestionarios de elección múltiple, preguntas de verdadeiro ou falso, contestar preguntas, completar frases.

OBXECTIVO 2: Produción oral e escrita (CA1.3 + CA1.4 + CA1.5): 60%.

Rúbricas, guías de corrección. Probas escritas.

OBXECTIVO 3: Interacción (CA1.6 + CA1.7): 5%.

Rúbricas, guías de corrección.

OBXECTIVO 4: Mediación (CA1.8 + CA1.9): 5%.

Traducción.

OBXECTIVO 5: Plurilingüismo (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%.

Rúbricas, guías de corrección.

OBXECTIVO 6: Interculturalidade (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%.

Rúbricas, guías de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final dos obxectivos non superados, logo da realización de tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

A cualificación final conformarase coa seguinte ponderación:

OBXECTIVO 1: Comprensión oral e escrita (CA1.1 + CA 1.2): 20%.

Cuestionarios de elección múltiple, preguntas de verdadeiro ou falso. Contestar preguntas. Completar frases.

OBXECTIVO 2: Produción oral e escrita (CA1.3 + CA1.4 + CA1.5): 60%.

Rúbricas, guías de corrección. Probas escritas.

OBXECTIVO 3: Interacción (CA1.6 + CA1.7): 5%.

Rúbricas, guías de corrección.

OBXECTIVO 4: Mediación (CA1.8 + CA1.9): 5%.

Traducción.

OBXECTIVO 5: Plurilingüismo (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%.

Rúbricas, guías de corrección.

OBXECTIVO 6: Interculturalidade (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%.
Rúbricas, guías de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres, gardando os obxectivos xa acadados. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearase a partires de 0,75.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Finalmente, unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba de maio, realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita e tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 40% .

instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 15%.

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

INTERACCIÓN (CA1.6+Ca1.7) 5%.

MEDIACIÓN (CA 1.8 + CA1.9) 5%.

PLURILINGÜISMO ((CA2.1+ CA2.2+ CA2.3) 25%.

INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3) 10% .

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender a aprender

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do Student s Book e do Workbook, pois, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.

- A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que seguira. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a escolma dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abranguendo non só o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorna.

- Os estilos de aprendizaxe

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, porén, necesitar varios intentos para assimilar unha idea, mentres que outros poden traballar conscienciadamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta

sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no Student's Book breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para pór en práctica a gramática aprendida. Isto complementábase con táboas gramaticais na sección Grammar Lab (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que lles axudan a aprender e repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á modalidade sensorial preferente dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posibles maneiras de levar á práctica o aprendido.

- Os intereses do alumnado

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student's Book coma no Workbook. Ao final do Student's Book incluímos un apéndice con rúbricas para que os alumnos/as se avalíen entre eles, un apéndice con táboas gramaticais engadidas e exercicios, un apéndice de pronuncia con exercicios engadidos e unha listaxe de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua materna dos alumnos/as para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por módulo (Check Your Progress e Competences Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/Options2 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do Workbook.

Con este método preséntase a ferramenta Digital Options, que inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos estudantes: Vocabulary Presentation e Grammar Presentation permiten aos estudantes preparar as leccións de vocabulario e gramática antes de asistir á clase. Vocabulary and Grammar Review conta con exercicios autocorrixíbeis para practicar o vocabulario e a gramática estudados no Student's Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Shuffle Game, que se pode xogar online de maneira individual, ofrece unha práctica engadida de vocabulario e gramática. Record Yourself Dialogue and Activity ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Project Options subministra axuda e recursos para facer os proxectos online do Student's Book. Digital Options Video permite aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos na casa. O Learning Management System (LMS) online permite aos profesores/as seguir o traballo de cada estudante. Wordlist Plus ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listaxes interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles e consolidar o vocabulario no momento que queiran.

O Teacher's Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar engadida, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.

O Teacher's All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece dezoito exames (un por cada sección dos módulos A, B e C), seis exames para os módulos con tres niveis de dificultade, tres exames trimestrais con tres niveis de dificultade, dous finais e catro exames para avaliar as competencias específicas de comprensión e produción oral e escrita (Competences Test), para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. E ademais inclúe follas de traballo (Extra Resources), que se dividiron da seguinte maneira:

Extra Practice: subministran práctica engadida co mesmo nivel que o presentado na unidade.

Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dunha maneira máis significativa e motivadora.

O profesor/a tamén dispón de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais enteiramente interactivas do Student's Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher's All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e

Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Plan específico personalizado para o alumnado de segundo da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial					X		
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X			
ET.8 - Igualdade de xénero			X				
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación de calidade	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Industria, innovación e infraestrutura		X			X	X	
ET.12 - Saúde e benestar		X	X	X	X		
ET.13 - Vida de ecosistemas terrestres							X
ET.14 - Acción polo clima		X			X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.15 - Fin da pobreza			X				
ET.16 - Fame cero			X				
ET.17 - Redución das desigualdades			X				
ET.18 - Traballo decente e crecemento económico					X		
ET.19 - Alianza para acadar os obxectivos				X			
ET.20 - Cidades e comunidades sustentábeis				X	X		
ET.21 - Produción de consumo responsable						X	
ET.22 - Auga limpa e saneamento							X

Observacións:

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de lectura	Club de lectura en inglés	X	X	X
Culture class , se procede.	Culture class da editorial Burlington.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades individuais e grupais encaminzadas a adquisición dos obxectivos.

Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino - aprendizaxe.
- Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Clima de traballo na aula
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.

Descrición:

Profesorado e alumnado responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións mensuais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademáis, nestas reunións frase un seguimento detallado da marcha do curso e o cumprimento da programación. Na reunión do departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase tamén a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	48
4.2. Materiais e recursos didácticos	49
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	51
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	51
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	53
6. Medidas de atención á diversidade	54
7.1. Concreción dos elementos transversais	56
7.2. Actividades complementarias	57
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	58
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	60

1. Introducción

A lingua forma parte do noso patrimonio cultural e é a porta de entrada á sociedade. Manuel María, así o poetizaba: “O idioma é a patria,/ a esencia máis nosa,/ a creación común/meirande e poderosa”. O galego representa unha nacionalidade histórica que experimenta dende hai séculos todo tipo de embates e o influxo inevitable do castelán como lingua oficial dun Estado con millóns de falantes no mundo. Por outra banda, o galego ten presente ante el a lusofonía, que fai que o alumnado poida chegar a entenderse con milleiros de falantes ao longo do mundo.

O noso idioma está a perder posicións por causa dos prexuízos lingüísticos, a falta de transmisión xeracional e de compromiso dos individuos e institucións. Así o aseguran as normas comunitarias coma o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER) ou o Tratamento Integrado de Linguas (TIL) que promove os idiomas minorizados e a colaboración e consenso entre os departamentos de linguas mediante acordos á hora de tratar certos contidos e participar conjuntamente nas diferentes actividades interdisciplinares. Situación que si se dá entre os departamentos de linguas do centro.

Polo tanto, a través do proceso didáctico é desde onde a materia de Lingua Galega e Literatura actuará ante a situación adversa do idioma e promoverá os dereitos lingüísticos que presenta a Constitución Española (1978), o Estatuto de Autonomía (1981), A Lei de Normalización Lingüística (1983), a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (1992) e a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos (1996). Hoxe, é imprescindible apoiar as linguas minorizadas e minoritarias dende o ensino. Neste senso actúa o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, mais a realidade é que hai menos falantes e que a maioría da mocidade só contacta co idioma na aula.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na ESO diríxese, tanto á eficacia no eido da comunicación, como a favorecer o incremento dun uso ético da linguaxe, que poña o galego ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Deste xeito, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas no primeiro curso.

O grupo de 2º de ESO destinatario desta programación está nun Instituto de Educación Secundaria (IES) cos niveis de Educación Secundaria Obligatoria (ESO), Bacharelato e Ciclos, situado no concello costeiro de Pontevedra onde hai aproximadamente 80.000 habitantes. Está nun barrio popular que se atopa ben comunicado co centro e onde o alumnado procede de distintos extractos sociais e con disparidade de situacións económicas e familiares. O horario da actividade lectiva é de 9:00 a 14:30 cun recreo de media hora (11:30 a 12:00) e os martes tamén de tarde (16:30 a 18:10). As unidades de 2º de ESO son 4.

A nivel psicolóxico, a adolescencia caracterízase pola presenza de desaxustes que poden derivar en comportamento problemático, desinterese polos estudos e absentismo escolar. Para esas casuísticas, o centro conta co apoio da comunidade educativa (nais e pais, profesorado, departamento de Orientación) e outros organismos relacionados para, na medida do posible, afrontalas e mitígalas ao máximo. Contamos con alumnado diverso, con necesidades específicas de apoio educativo, outro con boa capacidade de estudo e maioritariamente, discentes que levan ben as materias e o desenvolvemento do seu día a día no ámbito escolar.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO presenta os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Obsérvanse divididos en catro bloques: O 1º, «As linguas e os seus falantes» trata o recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado galego, do ámbito lusófono, do Estado e a nivel mundial. O 2º bloque, «Comunicación», integra os contidos da comunicación oral e escrita e na alfabetización nos medios de comunicación e informativos. O 3º bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos precisos para consolidar o hábito lector, construír a propia identidade lectora e promover habilidades de interpretación de textos literarios. O 4º bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a creación guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico.

No manual de 2º de ESO, os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas denominadas con diferentes títulos. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre o título, o que non só contribuirá ao coñecemento e á conservación do léxico deste campo semántico, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia. Estas unidades vincúlanse ao mundo cotián do alumnado: como no caso da 1ª unidade, onde se fala da síndrome posvaccinal; a 2ª, onde se aborda a situación das persoas invidentes, que eles e elas coñecen por termos casos de alumnado que vive esa condición. Igualmente, dáse cabida ás relacións interpersoais que se abordan na 3ª e 4ª unidade, xa que sabemos da importancia destas, na idade na que se moven os adolescentes. A seguir, achegámonos ao mundo do transcendente na unidade 5ª onde se aborda o tema, tan importante para as galegas e galegos, dos nosos seres míticos. A unidade 6ª achéganos ao mundo da música galega feita por galegos e a repercusión que está a ter na difusión da nosa cultura polo mundo. Na unidade 7ª tratamos a comunicación na web, nos móbiles e a banda deseñada como instrumentos que atrae a ollada do alumnado de maneira habitual. A unidade 8ª presenta ás/aos discentes o mundo do cinema e o teatro, que eles coñecen e

desfrutan. Por último, a unidade 9ª achega o tema das agresións ao medioambiente, ponse o exemplo da Lagoa de Antela e a súa contorna como lugar con moito que contar. Quérese dicir, con este resumo, que o manual de uso en 2º de ESO da editorial Xerais, presenta situacións do noso presente e do noso pasado que están relacionadas coa mociade; de xeito, que esta se pode achegar dunha maneira máis rápida e curiosa á materia. Se partimos de aí, teremos xa algo andado.

Ao referirmonos aos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO, cómpre salientarmos o achegamento a nocións básicas das linguas da Península Ibérica, e, de igual modo, ás linguas de procedencia do alumnado que vén doutros países. Tendo en conta esta situación, o 1º trimestre (unidades 1, 2, 3) xirará arredor do coñecemento das linguas da Península Ibérica e o mundo lusófono, observando igualmente outros idiomas propios do alumnado procedente doutros territorios. Entre outras actuacións, traballarase o léxico cotián en galego (casa, comida, a paz), as linguas cooficiais: castelán, catalán, éuscaro; as linguas minorizadas/minoritarias e a normalización. Igualmente falaremos do francés como lingua dalgúns estudantes de procedencia estranxeira. Tamén nos achegaremos á tipoloxía textual da noticia, a narración e a carta persoal, diario e blogs. En relación á reflexión sobre a lingua, trataremos da morfoloxía das palabras e o substantivo, o alfabeto, vogais e consoantes e o uso de h, b, v, x e s.

No 2º trimestre, composto polas unidades 4, 5 e 6, achegarémonos aos textos poéticos da Man de Carlos Negro ou Manuel María. Trataremos as súas características diferenciais con respecto aos textos en prosa e veremos recursos estilísticos como a aliteración, a anáfora, a antítese e o paralelismo. Tamén nos achegaremos á metáfora. Trataremos a tipoloxía textual da descrición e o folleto, a solicitude e os nomes dalgúns instrumentos musicais tradicionais e modernos, os nomes dos obxectos que nos arrodean e o vocabulario da radio e a televisión. Faremos unha sesión dun programa de radio e televisión onde se realizarán entrevistas a "supostos" personaxes famosos. Realizaremos un telexornal con todas as súas seccións: noticias locais, da Comunidade Autónoma ou do Estado, novas internacionais, os deportes, o tempo meteorolóxico. Iremos abordar o tema dos prexuízos lingüísticos e a falta de transmisión xeracional. Como falan os avós entre eles? Como falan cos pais? Como falan os pais aos fillos?. No que atinxe á reflexión sobre a lingua, trataremos o adxectivo, o verbo, a frase, os grupos consonánticos: br/bl, pr/pl, fr/fl; cc-/ct-; -pc-/pt-; -cio/-zo; -cia/-za e a acentuación.

No 3º trimestre (unidades 7, 8 e 9), achegarémonos ao mundo do cinema e do teatro en galego, á banda deseñada, ás características da fala, aos signos de puntuación. Neste senso, durante todo o curso académico insistiuse na presentación correcta dos textos escritos, ben puntuados, na variedade estándar, respectando as marxes, con boa caligrafía e correcta ortografía e ademais tívoise en conta tamén o feito de responder correctamente ás cuestións: empregamos na resposta o verbo que aparecía na pregunta. Deste xeito, a nosa función docente ten como finalidade conseguir a competencia lingüística do noso alumnado a nivel escrito e oral en lingua galega e facer que sexan referentes na conservación e difusión do idioma.

Cada trimestre terá un libro de lectura obrigatoria. Contamos en 2º de ESO cos seguintes títulos:

- Unha estrela no vento de Leticia Costas.
- Cartas de inverno de Agustín Fernández Paz.
- A ladroa da biblioteca de Meirás de Eva Mejuto.

Son todos eles lecturas ben recibidas polo alumnado xa que as situacións que adoitan presentarse, reflicten en maior ou menor medida, as que eles viven na súa contorna. Os libros de lectura propostos para os distintos trimestres abordan temáticas diferenciadas. Esas lecturas serán avaliadas a través dunha proba específica escrita na que se terá en conta, ademais da lectura íntegra do libro, a aplicación das propiedades textuais da maneira máis correcta posible. O seu valor no trimestre será dun 10%.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

A lingua é o instrumento para artellar e enriquecer o pensamento, así como para adquirir coñecementos. O currículo de Lingua Galega e Literatura ten como fin que o alumnado poida adquirir habilidades para intervir co noso idioma nas diferentes situacións da actividade social. As competencias contribúen a desenvolver todo o relacionado coa adquisición da capacidade crítica e a afondar e a ampliar os coñecementos. As actividades que se propoñen na programación didáctica de 2º de ESO son: creación de textos dialogados, narrativos, descritivos e

expositivos; representación dalgunha das distintas tipoloxías textuais na aula, mediante recreacións do propio alumnado sobre un texto creado ou achegado pola docente, elaboración dun díptico sobre un tema concreto. Trabállanse as diferentes tipoloxías textuais con textos orais e escritos que serán tratados polo alumnado, dándolles un enfoque comunicativo global ao observar a fala, a escrita, a escoita e a emisión destes, ao longo do curso e coa guía da docente.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como combater a síndrome posvacacional	Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO. Abordarase o tipo de texto da noticia, o vocabulario da casa, a lusofonía e as linguas da Península Ibérica, a formación de palabras (lexemas e morfemas) e o alfabeto do galego. Os contidos comunicativos xirarán arredor dos textos da unidade. Aproveitaranse para reparar no uso coherente dos substantivos e formas verbais. A lectura obrigatoria do primeiro trimestre servirá para acometer e afondar nas características da narración: lugar, tempo, personaxes e historia. Finalmente, en canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego correcto e recoñecemento das letras e dígrafos do alfabeto galego.	10	11	X		
2	"Ver coas mans" Irene Montero: Lúa nova	O estudo das linguas minoritarias e minorizadas abordarase nesta unidade. Tamén teremos un achegamento ao nome dos diferentes alimentos. Non obstante, serán os contidos comunicativos e, en concreto, as secuencias textuais da narración as que teñan maior protagonismo. Aproveitaranse as narracións propostas para incidir nas vogais e nas consoantes do galego e en relación á literatura, continuarase coa valoración da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre, como narración. A reflexión lingüística centrarase na identificación dos distintos tipos de prefixos e sufixos.	10	11	X		
3	Lois Pérez: A gruta da torre	Nesta unidade abordarase a tipoloxía textual da carta persoal, o diario e os blogs. En relación ao vocabulario, achegarémonos ás palabras que falan de igualdade, respecto e paz. Trataremos a normalización da lingua galega e que aspectos conleva. En relación ao coñecemento lingüístico abordaremos o xénero e o número do substantivo e en relación á ortografía, fixarémonos no uso do h, b/v, x/s. En cada unidade faremos unha selección das	15	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Lois Pérez: A gruta da torre	actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade de aprendizaxes na aula.	15	11	X		
4	Carlos Negro: Aplicación instantánea	<p>Comezaremos a unidade coa lectura e observación de textos poéticos. Achegarémonos ás características básicas dos textos poéticos: verso, rima, ritmo, estrofas e algúns recursos formais como: o paralelismo, a aliteración, a antítese, a anáfora e a metáfora.</p> <p>Proseguirase coa mención do libro de lectura obrigatoria do segundo trimestre, unha obra da narrativa xuvenil actual. Coñeceremos o nome dalgúns instrumentos musicais modernos e tradicionais. En relación á situación da lingua, abordaremos os prexuízos lingüísticos e a seguir, no que se refire a coñecementos lingüísticos, veremos o adxectivo, os seus graos e a construción das oracións comparativas. Ao tratarmos sobre coñecementos ortográficos, abordaranse os grupos consonánticos br/bl, pl/pr, fl/fr.</p> <p>Seleccionaranse actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade da aula en relación ao grao de adquisición de coñecementos sobre a materia.</p>	10	12		X	
5	Miguel Ángel Alonso: A decadencia dos seres míticos	<p>Nesta unidade, despois de atender á expresión oral e escrita a través das lecturas propostas, abordaremos un tipo de texto que é a solicitude (texto de uso moi frecuente en moitos ámbitos). A seguir, achegarémonos ao vocabulario que ten que ver coa nosa contorna. Canto á situación da lingua, observaremos o galego no ámbito local, os topónimos e os antropónimos. No eido dos coñecementos lingüísticos, trataremos o verbo, as súas partes básicas (tema+desinencias), o tempo e o modo verbal. Xa no uso da ortografía, continuamos cos grupos consonánticos -cc- e -ct-, -pc- e -pt- e as terminacións -cio/-cia/-zo, -za. Xa por último, en atención á diversidade na adquisición de coñecementos na aula, seleccionaremos algunha das actividades de reforzo e ampliación.</p>	10	12		X	
6	Miguel Prado: " A maioría da rapazada..."	<p>Na unidade leremos un artigo sobre a música composta en Galicia, por galegos/-as e que está a coñecerse a nivel internacional. Abordaremos a expresión oral e escrita co texto proposto e a seguir, coñeceremos un tipo de texto: o folleto.</p>	15	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Miguel Prado: " A maioría da rapazada..."	Faremos un, a través dunha aplicación, por grupos, presentado na aula virtual como díptico. No vocabulario, tratamos a TV e a radio (visita a emisora?). Faremos un telexornal con todas as partes que ten. Con relación á situación da lingua, veremos o galego da contorna e a súa transmisión: mediante unha táboa de cotexo realizarán entre a familia ou a veciñanza unha enquisa para ver a situación da lingua e que se pode facer para melloralala. Nos coñecementos lingüísticos, veremos a tipoloxía da frase e a diferenza entre frases con núcleo e modificador e frases con dous constituíntes. Observaremos as regras de acentuación e o til diacrítico. Rematamos coas actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade de aprendizaxes na aula.	15	12		X	
7	Jacobo Fernández: Refuxio	Na unidade 7 veremos que é un buscador na web, trataremos sobre os trazos da banda deseñada como un tipo de texto narrativo onde combinamos imaxe e escritura. Faremos exercicios de comprensión lectora, expresión oral e escrita. Veremos que é o Koha (sistema integrado de xestión de bibliotecas). Falaremos da lectura obrigatoria do 3º trimestre como texto narrativo e de actualidade. Achegarémonos ao vocabulario do cinema e do teatro. Veremos fragmentos de películas e obras teatrais galegas. En relación á situación da lingua, observamos como se atopa no ámbito educativo. Canto aos coñecementos lingüísticos, veremos a cláusula, funcións e tipoloxía. No plano ortográfico trataremos do uso do punto, a coma e o punto e coma. Ao final da unidade, achegaremos actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade de aprendizaxes na aula.	10	12			X
8	Carmen Blanco: A fuga	Na unidade 8 achegarémonos á lectura dun texto teatral. Faremos a comprensión oral e escrita para despois achegarnos á linguaxe do cinema como tipoloxía textual. Na sección de vocabulario, veremos os nomes de parentesco. Vemos a seguir, na situación da lingua, vemos os rexistros da fala: formal, medio e coloquial. En relación aos coñecementos lingüísticos falaremos do suxeito e o predicado dentro da cláusula e os tipos de cláusula. Canto ao plano da ortografía, fixarémonos nos dous puntos, os puntos suspensivos e os signos de	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Carmen Blanco: A fuga	interrogación e exclamación. Ao final da unidade, achegarémonos ás actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade de aprendizaxes na aula.	10	12			X
9	Cándido Paniagua: Onde está Lois?	A lectura da unidade 9 móvese entre a realidade, a historia e a lenda. Fala da Lagoa de Antela, da torre da Pena e de dona Inés de Castro quen foi raíña despois de morta. Despois da lectura en relación á comunicación, trataremos a comprensión oral e escrita para despois pasar a falar dos textos académicos cun achegamento básico ás súas características. Coñeceremos a diferenza entre tempo meteorolóxico e cronolóxico. Canto á situación da lingua, achegarémonos á variedade estándar do galego e os posibles prexuízos que se manifestan sobre ela. En relación aos coñecementos lingüísticos, abordaremos as funcións sintácticas dentro da cláusula. No plano ortográfico traballaremos as comiñas, as parénteses e o apóstrofo para concluír coas actividades de reforzo e ampliación considerando que hai diversidade de adquisición de aprendizaxes na materia.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como combater a síndrome posvacacional	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece os nomes dos países lusófonos e o feito de que podemos entendernos co noso idioma, nos distintos territorios que forman parte da Lusofonía. Coñece igualmente a situación de cooficialidade do galego, o éuscaro e o catalán nas súas respectivas comunidades autónomas.	PE	72
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo como ocorre co presentado na unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado é quen de coñecer a idea principal exposta nun texto escrito.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido de textos sinxelos e pode falar da súa calidade, fiabilidade e idoneidade con argumentos adecuados á súa capacidade de expresión.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta textos sinxelos con coherencia, cohesión e adecuación.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado é quen de revisar os seus textos e achega argumentos sinxelos para a súa propia mellora.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado coñece e rexeita calquera uso discriminatorio da lingua galega.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido de textos sinxelos considerándoos fiables e idóneos para ser entendidos e usados no proceso comunicativo.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado colle textos sinxelos para a lectura baseándose nos seus propios gustos.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado traballa a lectura da 1ª unidade que fala sobre a síndrome posvocal. Expón oralmente a súa experiencia con esta síndrome e aprende vocabulario básico relacionado coa expresión das emocións.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica con argumentos sinxelos e de xeito guiado a interpretación das obras lidas e os trazos máis característicos de cada xénero.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece de maneira guiada as posibles relacións entre os argumentos de distintas obras lidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos individuais ou colectivos sinxelos con intención literaria a partir doutros lidos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado redacta textos sinxelos onde describe as partes da casa, a partir do vocabulario aprendido na unidade.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos propios de maneira guiada e fai propostas de mellora argumentando posibles cambios que facilitan a comprensión lectora.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado é quen de establecer un argumento sobre a interrelación e o propósito comunicativo dun texto dende o punto de vista do emisor e do receptor.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	As/Os discentes diferencian entre lexemas e morfemas en palabras de uso frecuente.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora positivamente o emprego da lingua galega en textos sinxelos, coherentes, cohesionados e adecuados ao seu nivel de coñecemento.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado desterra os usos discriminatorios contra a fala galega.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora traballos de investigación de maneira guiada nun soporte determinado sobre temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado elixe e le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado aprende e usa correctamente o vocabulario do parentesco situado na unidade na construción de textos sinxelos. Comparte a experiencia da lectura, relacionando a actividade coa propia experiencia biográfica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica e argumenta, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación dos trazos máis salientables das obras lidas a partir da análise dos seus elementos constitutivos co sentido da obra.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado realiza argumentos sinxelos ao interpretar textos lidos que tratan sobre a fala. Establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en soportes acordados, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios e é quen de diferenciar suxeito e predicado nas cláusulas simples que aparecen no texto.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica a intención da/-o falante en galego nun vídeo ou audio con argumentos sinxelos e ben definidos á vez que emprega correctamente a lingua.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado identifica a estrutura e os elementos propios dun boletín informativo e coñece as características formais dos textos que se van incluír na súa publicación (noticias, entrevistas e crónicas).		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado planifica e organiza a forma e o contido do boletín informativo a través de notas, esquemas, resumos etc.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado sabe empregar nos textos redactados algúns mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais e explicativos); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos e hiperónimos).	TI	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos, colabora activamente na elaboración dun boletín informativo con boa actitude e respectando as normas de cortesía conversacional.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e colabora na redacción dun boletín informativo ben estruturado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros salientables.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os textos incluídos no boletín informativo coa axuda do profesorado, é quen de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado sabe utilizar dicionarios e manuais de consulta para enriquecer o seu traballo cun léxico máis variado e preciso, e con estruturas morfosintácticas características do galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.

Contidos

- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa in-corporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

Contidos
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Cándido Paniagua: Onde está Lois?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e dialectal.	PE	100
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Crea textos sinxelos propios aos que dota dunha intención comunicativa concreta.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interaccións orais informais, formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e de cortesía lingüística.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Os/as discentes comprenden e interpretan o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos sinxelos na variedade estándar da lingua. Busca neles a cohesión, a coherencia e a adecuación.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os propios textos de maneira guiada e fai propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interpreta o sentido global e a información máis importante nun texto sinxelo como o presentado na unidade.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado elixe e le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado expresa por escrito, con corrección o vocabulario básico do tempo meteorolóxico e cronolóxico ademais de reflectir experiencias propias en relación con este vocabulario.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	As/os discentes explican e argumentan, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas co sentido da obra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos ou orais.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en soportes preestablecidos e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Revisa a gramática, o léxico e a ortografía dos textos que redacta de maneira guiada.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos escritos de maneira guiada procurando o emprego dunha sintaxe correcta de modo que mellora a súa comprensión e redacción.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica quen é o emisor e o receptor en textos sinxelos e é quen de detectar as funcións sintácticas de CD, CI E CC.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e

Contidos

- ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

Contidos

- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía, para o desenvolvemento da materia de Lingua galega e Literatura, baséase na utilización do libro de texto da editorial Xerais de 2º de ESO, xunto co uso das ferramentas TIC, Aula virtual e a web entre outros. A metodoloxía empregada é activa. Propón actividades motivadoras que espertan a curiosidade do alumnado que aprende facendo. A docente axudará a desenvolver a capacidade crítica, entre outras, pois ten un papel fundamental como é o de facilitadora da aprendizaxe e guía. Partimos de contornas cotiás, nun marco de traballo individual e cooperativo. “A través dos outros chegamos a ser nós mesmos” Vygotsky (1931). Fomentamos a colaboración e a implicación do alumnado para desenvolver a competencia persoal, social e de aprender a aprender. Así, cando procuramos a comunicación e a comprensión e expresión oral, é clave a aprendizaxe entre iguais, xa que promove habilidades sociais e o enriquecemento persoal dende a diversidade e de cara ao futuro profesional.

Ponse en práctica unha metodoloxía motivadora onde os coñecementos previos serven de base para que as novas aprendizaxes sexan claras e tomadas con actitude favorable por parte do alumnado. Atopamos distintos niveis de desenvolvemento e maduración, por tanto, no proceso de ensino-aprendizaxe, partimos do nivel que ten o alumnado, imos incrementando os seus coñecementos e favorecendo os procedementos e as actitudes. Alternaranse os ritmos de aprendizaxe ao empregar exercicios que requiren diferente grao de concentración. Así, observamos a aprendizaxe significativa, vinculada ao enfoque construtivista (Piaget 1947- Ausubel 1963): a construción propia da aprendizaxe que se produce día a día como resultado da interacción do ambiente e as disposicións internas do alumnado. É dicir, ao sermos docentes, partimos do nivel e deseñamos actividades de iniciación e de motivación.

As/os discentes utilizan as TIC, os recursos audiovisuais e varíanse os espazos e grupos. Usaremos a biblioteca, ou se for preciso por razóns de espazo, a aula de expresión corporal. Por tanto, a distribución do grupo é de carácter flexible. Sentan por ringleiras, xuntaranse para traballos en pequeno grupo (3 membros) e en actividades coma os debates, situaranse en 2 grupos. Así, potenciase o uso do galego como lingua vehicular.

Realizaranse actividades de aprendizaxe integradas, ao procurar o desenvolvemento de varias competencias ao mesmo tempo, como: composicións dialogadas representadas na aula, lecturas guiadas e saídas didácticas. Estas actividades apoian o desenvolvemento da tolerancia, o autocontrol e axudan a solucionar conflitos. Colaboran os departamentos entre si ao abordar as actividades interdisciplinares e o TIL (tratamento integrado de linguas) xa que, estes parámetros son claves no desenvolvemento integral do alumnado, facilitan a súa aprendizaxe e impide que se solapen coñecementos iguais que empregan diferente nomenclatura.

A nosa materia é instrumental: no traballo da clase manéxanse dous fins claves: acadar os obxectivos do currículo e desenvolver habilidades na aprendizaxe. Para conseguilo, é clave o traballo da comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita, cun enfoque comunicativo.

Empregamos unha metodoloxía inclusiva que contempla a atención aos ritmos e á variedade de estilos de aprendizaxe, segundo a teoría das intelixencias de Gardner. As clases centranse en variar a tarefa, os modos das explicacións (do que está preto ao afastado, do concreto ao abstracto). Segundo este principio metodolóxico, inclúiranse a atención á diversidade e as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) no deseño das clases; así o eixe da metodoloxía será o desenvolvemento de actividades que fomenten a participación do alumnado e o traballo en grupo co uso de medios escritos e audiovisuais. Polo tanto, utilizarase unha metodoloxía variada para fomentar a diversidade de aprendizaxes que hai na aula. Realizaranse actividades de motivación ao iniciar as unidades. Ao alumnado, faráselle preguntas para pensar sobre certos contidos e activar os seus coñecementos previos, para logo achegarse á explicación, desenvolvemento e conclusión do tema. Desta maneira, as/os discentes vinculan o que xa sabían con contidos novos, necesarios para avanzar na aprendizaxe. Nos primeiros meses empregaranse como métodos de estudo os resumos e os esquemas coa guía da docente, recursos básicos no ensino para evitarmos a aprendizaxe memorística e repetitiva sen entender o senso da aprendizaxe. Cando abordemos os contidos, empregaremos tanto o método dedutivo como o indutivo. Observamos tamén, as seguintes liñas metodolóxicas específicas:

a) Contribuír á actitude positiva cara ao noso idioma. Así promóvese un desenvolvemento autónomo, que o galego estea en todos os espazos posibles e que sexa un elemento motivador no día a día e dentro da comunidade lusófona.

b) Ter un enfoque comunicativo. Polo que o traballo coa morfosintaxe ten un papel instrumental. Destácase na explicación e na execución das tarefas. O alumnado é o protagonista no uso da lingua e traballa a expresión oral e escrita.

c) Potenciar a oralidade. A gramática trabállase dende a análise, a reflexión e a oralidade. Esta será un aspecto clave para o desenvolvemento, a síntese e a exposición da información, mais tamén para a expresión da opinión e como medio creativo. O galego é unha realidade que o alumnado levará a distintas situacións.

d) Ler e escribir, elementos clave. Fanse procuras de información en diferentes soportes e analízanse distintos textos cada trimestre. Ademais, desde a materia, fomentamos as actividades programadas no Proxecto Lector (PL) que se concreta cada ano no Plan Anual de Lectura (PAL). Temos unha biblioteca como recurso clave para realizar actividades variadas de promoción da lingua ao igual có Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

e) Atender ao feito literario. Traballan a literatura como constitutiva das artes mediante o achegamento e a creación de textos literarios. Reflexiónase sobre as obras que constitúen o Proxecto lector para presentar diferentes xéneros e achegar o alumnado ao universo literario dun xeito atractivo. No centro, foméntase a literatura a través do Club de Lectura. Cóntase cunha oferta de obras actuais, dirixida á mocidade para implicala no gusto polas nosas letras. O fomento da lectura comprensiva é fundamental, así, lerase e analizaranse textos mediante actividades de comprensión e expresión oral. Propoñemos un libro de lectura por trimestre que será avaliado cunha proba específica. Quizais, dende as diferentes lecturas é dende onde se ve máis o traballo da transversalidade.

f) Secuenciación das actividades na aula. Empréganse estratexias metodolóxicas de investigación guiada pola docente. Combínase a explicación ao grupo (máximo 10-15 minutos) coa realización de actividades onde se ten en conta a atención individualizada e a titoración entre iguais. Temos nas diferentes unidades, actividades de comprensión e de expresión oral, que poden funcionar como actividades introdutorias, logo; actividades de expresión escrita, propias dos coñecementos que se vaian adquirir e actividades para mellorar a ortografía. O alumnado realiza na casa o traballo individual, polo tanto, na aula, procurárase fomentar o traballo en parellas e en grupos de 3 membros porque pensamos que é fundamental que aprendan de maneira colaborativa, de cara a resolver os problemas que adoitan aparecer; ensaiando a súa inserción no mundo socio-laboral e as súas futuras interaccións nel. Como medidas de atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe incluímos: actividades de reforzo, dirixidas á atención á diversidade para aquel alumnado que ten dificultades na asimilación dalgún contido, non acadou o grao mínimo ou que non promocionou; e de ampliación, que atenden aos intereses e tipos de intelixencia do alumnado.

Dada a variedade da casuística no alumnado, tentaremos o reforzo positivo en momentos de logro individual como é ler un libro enteiro, cando se capta a idea fundamental ou tema e na achega dun argumento axeitado sobre o lido. Tamén se incentivará e valorará positivamente a realización de textos orixinais e creativos ben construídos, sen fallos ortográficos e ben presentados: marxes dereita e esquerda, separación en parágrafos e resposta ás cuestións, usando o verbo que aparece na pregunta.

A lingua galega segue a sufrir os prexuízos lingüísticos e unha persistente diglosia, de aí que a nosa materia presente obstáculos que as outras non teñen; por tanto, hai que traballar o estímulo, de aí que empreguemos distintas estratexias, como audicións musicais, textos que traten temáticas de actualidade e interesantes para o noso alumnado.

Dado que cada discente aprende de forma distinta, tamén se terá en conta este feito á hora de avaliar: faranse probas específicas escritas adaptadas en tempo, espazo e medios para o alumnado con NEAE. A avaliación da oralidade farase na aula por parellas e aí verase a capacidade de soltura na expresión e na comprensión oral, a de dialogar e a de dar argumentos. Ao non termos a aprendizaxe dirixida a aprobar só as probas específicas e si a ver o que se aprendeu, tomamos os exames como un instrumento de avaliación máis. Deste xeito, ao longo do curso, faranse pequenos proxectos didácticos que serán expostos no recibidor do centro e nas redes sociais deste, que tamén se valorarán como instrumentos na sección de traballo diario.

Realizamos actividades complementarias (saídas didácticas) que axudan a fomentar no alumnado valores como a convivencia en igualdade e a aprendizaxe de coñecementos que se relacionan co currículo pero, dunha maneira transversal e nunha contorna distinta.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.

Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais
Fernández Fernández, Isaac (2010). Dicionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia
Frías Conde, Xavier (2022). O escáncer que sabía de máis e outras micropezas. Barcelona: La vaca voladora
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Vigo: Xerais
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais
A historia da Banda Deseñada galega (http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710)
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Barcelona:Teide
Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/dicionario/
Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portaldaspalabras.org/
Portal da Lingua Galega, Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega
Dicionario de pronuncia da lingua galega: http://ilg.usc.es/pronuncia/
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg
Dicionario da Real Academia Galega en liña. https://academia.gal/dicionario/rag
http://cotovia.org/proxecto/
https://actividadesyrecursos.jimdofree.com/actividades/lingua-galega/
https://www.studocu.com/es/course/lingua-galega/6176643
https://www.ogalego.eu/

Materiais e recursos didácticos. Os materiais didácticos úsanse segundo as necesidades de cada unidade e adecuación aos contidos e tarefas desenvolvidos. Trabállase con vídeos, audios e seleccións de textos. En relación ás TIC (Tecnoloxías de Información e Comunicación), a aula ten ordenador con conexión a internet, canón e encerado dixital. A súa utilización é un medio para adquirir os obxectivos educativos e desenvolver as competencias. A asimilación de información por parte do alumnado fai que debamos indicarlle o uso adecuado das TIC, as TAC (Tecnoloxías de Adquisición de Coñecementos) e as TSI (Tecnoloxías da Sociedade da Información). Hoxe é clave a actuación do sistema educativo neste ámbito polo que se inclúe no proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado realizará tarefas de procura, selección e elaboración da información nestes medios.

Na biblioteca temos dicionarios, manuais de consulta, ordenadores para traballar e unha variada colección de lecturas axeitadas ao alumnado que recibe a formación regrada no centro. Tamén temos como recurso o emprego da aula virtual para facer tarefas, ter apuntamentos das unidades e establecer comunicación directa co alumnado. Igualmente, un recurso máis para procurar contidos e actividades, atópase na plataforma E-dixgal, mais o noso manual de referencia é o libro de 2º de ESO da editorial Xerais na súa versión actualizada e adaptada á lexislación vixente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc., constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. A docente, nos primeiros días de clase, fará observación directa sobre a competencia oral (comprensión e expresión) do alumnado.
- Comprensión escrita. Deberanse contestar preguntas sobre o contido dun texto escrito.
- Na parte de léxico defínense conceptos como: sinónimos, antónimos, palabras polisémicas, familia léxica e campo semántico.
- Na morfoloxía, o alumnado indicará as distintas categorías gramaticais presentes nun enunciado. Subliñará os verbos que se atopan nel, achegará o infinitivo, o tempo verbal e a conxugación á que pertencen.
- No eido da ortografía, dividiranse palabras en sílabas, sibliñaranse as sílabas tónicas, clasificaranse as palabras segundo a posición da sílaba tónica, poñerase o til onde corresponda e razoarse o porqué desa colocación.
- Na expresión escrita escribirase un texto explicativo de 10 liñas onde se expoñerá como forrar un libro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	15	10	10	10	100
Proba escrita	72	68	48	92	75	72	92	66	100	74
Táboa de indicadores	28	32	52	8	25	28	8	34	0	26

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial, nesta programación apostouse pola realización de tres trimestres e unha ampla variedade de actividades comunicativas, o que redonda na presenza dunha maior porcentaxe de realización de exercicios prácticos fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación e recuperación.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións parciais de maneira que a última coincida coa avaliación final ordinaria.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel, aplicando a ponderación establecida entre elas.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Ademais diso, cómpre salientar que as incorreccións lingüísticas terán unha penalización que se reflectirá na cualificación de cada proba. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización de ata un punto na súa cualificación. O profesorado establecerá a puntuación que hai que descontar por cada unha delas, atendendo á súa gravidade. Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, todas as respostas ás probas tanto orais como escritas deberán ser contestadas en lingua galega, podendo ser este un motivo de suspenso da proba.

Nos tres trimestres realizaranse pequenos traballos de redacción, investigación ou gravacións, cuxo peso porcentual é dun 4 % en cada caso, valoraranse todos os traballos e actividades (orais e escritas) a través dunha rúbrica. Esta porcentaxe está relacionada co 6% que ten en conta o traballo da libreta, que tamén se avaliará mediante unha rúbrica; nela verase a boa presentación e a resolución completa dos exercicios. En total, esta parte de traballos específicos e libreta está dentro do apartado de traballo diario que ten un peso dun 10%.

A valoración da lectura comprensiva e reflexiva das obras de lectura obrigatoria establécese por cada avaliación. Ten un peso dun 10% por trimestre e consistirá nunha proba escrita que versará sobre un fragmento onde hai que verificar o que pasa antes ou despois na historia, unha pregunta de valoración persoal, outra de cambio do final e unha última de descrición dos personaxes. Lido ou non lido, será a valoración desta proba, obtendo, quen fixese a lectura, un 1 (10%) e quen non a fixese, un 0.

Os contidos da materia avaliaranse mediante dúas probas escritas por trimestre. Farase un reparto equilibrado de contidos, dado que temos tres unidades didácticas en cada un. Para que fagan media ten que haber unha cualificación mínima dun 3. Estas probas teñen un peso dun 70%.

A oralidade avaliarase a través de preguntas breves sobre un texto que a docente lerá dúas veces. A porcentaxe da oralidade por trimestre é dun 10%.

Criterios de recuperación:

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abriu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo adoitando diferentes roles dentro deste.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Nesta programación para 2º curso de ESO concrépanse uns obxectivos, contidos e criterios de avaliación articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica e a teoría.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción", contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica», co que se pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, como do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas», aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 2º curso de ESO, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; asentar os principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; comprender e respectar as normas básicas da actuación en público e asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicais e dancísticas da nosa comunidade así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para seguir traballando moitos dos contidos non só na unidade na que se presentan por primeira vez, senón para que estes contidos sigan aparecendo nas seguintes unidades e sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos, e imos construindo a sintaxe musical manexando os conceptos previos dos que partimos e construindo sobre estes novas estruturas máis complexas a través do aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber

poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través de experiencia podemos comprender o mundo en sí da música, os contidos, o traballo en equipo, de perseveranza, de autonomía e de compromiso cos demais, que supón subirse a un escenario a estrenar un proxecto, e a esa experiencia é a que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	DURACIÓN	Coñecemento dos elementos máis fisiolóxicos da Música: Pulso; Acento; Figuras rítmicas; Compás; Tipos de compases básicos; Tempo e Modificadores do Tempo; A duración na historia.	5	6	X		
2	ALTURA	Coñecemento dos elementos máis emocionais da Música: a melodía, mediante o coñecemento de Pentagrama; Clave; Notas Musicais; Liñas Adicionais; A orixe das notas musicais.	5	6	X		
3	INTENSIDADE	O volume musical: Matices e Reguladores.	5	3	X		
4	TIMBRE: VOZ	Coñecemento da propia anatomía humana e das formas de agruparse: Produción da voz; Clasificación das voces segundo tesitura; Principais agrupacións vocais.	5	6		X	
5	TIMBRE: INSTRUMENTOS	Instrumento musical; Familias de instrumentos: definición e tipos (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos). Organoloxía.	5	6			X
6	CONTEXTOS MUSICAIS	Música folclórica, culta e popular. Música en Galicia, na contorna, España e no mundo; Música dos diferentes períodos da Historia da Música; Música dos principais xéneros emitidos a través dos medios de comunicación de masas.	5	6	X	X	X
7	LINGUAXE MUSICAL	O estudo de partituras mediante a interpretación do solfeo, facendo fincapé nos aspectos rítmicos (figuras rítmicas básicas, combinacións de corcheas e semicorcheas, síncopas) e na lectura musical das notas musicais en clave de sol.	20	10	X	X	X
8	PRÁCTICA INSTRUMENTAL	O desenvolvemento de destrezas para a interpretación musical mediante o uso dun instrumento (corporal, ukelele, instrumental Orff,...): postura, técnica, empaste e coordinación, calidade musical¿ tanto a nivel individual como colectivo.	20	20	X	X	X
9	PRÁCTICA VOCAL	O desenvolvemento de destrezas para a interpretación musical mediante o uso dun instrumento (corporal, ukelele, instrumental Orff,...): postura, técnica, empaste e coordinación, calidade musical¿ tanto a nivel individual como colectivo.	30	42	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	DURACIÓN	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, tempo, modificadores, matices, reguladores e instrumentos/voces para os que está escrita.	PE	100
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Interpretar partituras tendo en conta parámetros rítmicos (métrica, pulso, figuras rítmicas), melódicos (notas), e solfeo (sincronización correcta rítmico-melódica e musicalidade).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.

UD	Título da UD	Duración
2	ALTURA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, tempo, modificadores, matices, reguladores e instrumentos/voces para os que está escrita.	PE	100
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Interpretar partituras tendo en conta parámetros rítmicos (métrica, pulso, figuras rítmicas), melódicos (notas), e solfeo (sincronización correcta rítmico-melódica e musicalidade).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.

UD	Título da UD	Duración
3	INTENSIDADE	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, tempo, modificadores, matices, reguladores e instrumentos/voces para os que está escrita.	PE	100
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Interpretar partituras tendo en conta parámetros rítmicos (métrica, pulso, figuras rítmicas), melódicos (notas), e solfeo (sincronización correcta rítmico-melódica e musicalidade).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.

UD	Título da UD	Duración
4	TIMBRE: VOZ	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer auditivamente os diferentes tipos de voces e as agrupacións vocais.	PE	90
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Recoñecer partituras vocais así como as principais características da escritura vocal e a distribución do texto nas partituras.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Explicar por escrito, cun vocabulario adecuado, a formación do canto, así como os tipos de voces e as distintas agrupacións vocais.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respetar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.

UD	Título da UD	Duración
5	TIMBRE: INSTRUMENTOS	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os diferentes instrumentos e agrupacións instrumentais e clasificalos por familias.	PE	90
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Recoñecer os principais trazos de partituras instrumentais e asocialas aos instrumentos asociados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Recoñecer auditivamente os diferentes instrumentos e agrupacións instrumentais e clasificalos por familias.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.

UD	Título da UD	Duración
6	CONTEXTOS MUSICAIS	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos de música folclórica, culta e popular nas obras presentadas.		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar opinións de forma razoada, analítica e cun vocabulario preciso e exacto das obras musicais propostas	TI	100
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Realizar as tarefas musicais propostas co software informático traballado na clase (Musescore e Audacity).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Realizar as tarefas propostas de interpretación guiada ou libre .		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Realizar tarefas propostas relacionadas coas obras musicais traballadas a través das ferramentas de gravación dixital e rexistro dixital da voz e da imaxe.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Expresar de forma respectuosa e educada as valoracións sobre a nosa propia música e outros tipos de música.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Analizar de forma básica os parámetros de: melodía, ritmo, texto, coreografía, instrumentos, técnica vocal, técnica motriz.		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Situar as obras musicais no contexto xeográfico e histórico correspondente.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Realizar as propostas musicais previstas co software informático traballado na clase (Museshare, Audacity).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía.

Contidos

- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.
- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
7	LINGUAXE MUSICAL	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Analizar partituras tendo en conta os elementos da linguaxe musical (tempo, pulso, figuras rítmicas), melódicos (notas, alteracións), harmónicos (tonalidades básicas) e solfeo (sincronización correcta rítmico-melódica e musicalidade).	TI	100
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Interpretar partituras tendo en conta parámetros rítmicos (métrica, pulso, figuras rítmicas), melódicos (notas, alteracións), e solfeo (sincronización correcta rítmico-melódica e musicalidade).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.
- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.
- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.

UD	Título da UD	Duración
8	PRÁCTICA INSTRUMENTAL	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Analizar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade e musicalidade.	TI	100
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente, achegando ideas propias e con respecto cara as suestións dos demais, nas actividades de improvisación musical e dancísticas propostas nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade e musicalidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade e musicalidade.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade e musicalidade.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, seguindo as técnicas propostas polo profesorado.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Analizar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade e musicalidade.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade e musicalidade.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade e musicalidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

UD	Título da UD	Duración
9	PRÁCTICA VOCAL	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Analizar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade e musicalidade.	TI	100
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente, achegando ideas propias e con respecto cara as suestións dos demais, nas actividades de improvisación musical e dancísticas propostas nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto..		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, seguindo as técnicas propostas polo profesorado.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación están pensadas nalgúns casos para interrelacionarse, de xeito que a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo, é dicir, á vez que traballamos por exemplo a unidade sobre música popular urbana e medios de comunicación, podemos engadir contidos doutras unidades como música e tecnoloxía ou preparando ao alumnado para actuar en público, contidos da unidade música en vivo, co propio repertorio traballado sobre músicas urbanas.

Tamén cabe dicir que en música, os contidos son acumulativos, é dicir, presentamos o traballo sobre ritmo por primeira vez na unidade 1, pero ese traballo de lectura de figuras musicais e compases continuará facéndose ao longo do curso a través do repertorio instrumental, vocal ou corporal das demais unidades, e así ocorre sucesivamente co resto dos contidos presentados.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, terá sempre unha base teórica e unha base práctica, é dicir, interpretar entendendo que se interpreta.

- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través do coñecemento, o que implica un coñecemento, unha interpretación, unha creación e unha escoita activa de distintas propostas artísticas.

- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completan e conectan cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias: estableceranse relacións coas Matemáticas (por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son); coas linguas (a través da simbiose entre texto, idioma e melodía); coa Historia (para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais); coa Tecnoloxía (a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer); coa Educación Plástica, Visual e Audiovisual (por compartir competencias de índole artística)...

- Potenciarase os conceptos de "equipo", onde cada membro asume a súa responsabilidade de aportar ao grupo as destrezas e capacidades onde destaca positivamente, ao mesmo tempo que pode beneficiarse da colaboración do resto do alumnado cando as súas destrezas e habilidades aínda están nun nivel básico de desenvolvemento.

- Potenciarase o concepto de "clase segura" onde o erro existe, convive co éxito como base de aprendizaxe e se acepta sempre como información de que un aspecto musical necesita máis práctica e esforzo (nunca como crítica).

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica, a socialización e a autoestima.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumental Orff
Aula Virtual

Apps e programas informáticos: Musescore, audacity, garageband, music maker jam, ireal, music studi lite, loopstation.
Materiais repositorio Abalar
Ukelele
Apuntes de información
Carteis e paneis informativos
Audiovisuais diversos
Teclados, instrumentos de corda e de percusión diversos
Partituras diversas
Libros de texto e información diversa
Roca Vidal, F.; "Percusión corporal: piezas y ejercicios de percusión para instrumentos corporales". Año 2017; Edimusic; ISBN: 978-84-95307088
Nelson M., Sheila; "Flip a rhythm Vol.1-2"; Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 979-0-060-09771-3
Nelson M., Sheila; "Flip a Rhythm Vol.3-4", Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 978-0-851-62193-7
Pesdelán; "Na punta do pé". Kalandraka. ISBN: 978-84-8464-752-2
Saint-James, G; Saint-James, J; "Body Tap 1". Fuzzeau. ISBN: 3-549540-068936
Zamora, A.; "danzas del mundo 2". Editorial CCS; Madrid 2005; ISBN: 84-8316-864-2
Sharma, E.; "Músicas del mundo". Ediciones Akal; Madrid 2006; ISBN: 978-84-460-2256-5
Wuytacj, J; "Musicalia Orff-instrumentarium". Uitgeverij de garve-brugge.
Ducros, D.; "Breve historia del rock. 5 composiciones adaptadas a la enseñanza de la flauta dulce u otros instrumentos en do". Fuzeau 2008. Ref. 6713
Saint-James, G.; "Pequeña historia del Jazz". Fuzeau 2008. Ref. 6712
"El canto en la historia y en el mundo". Fuzeau. Ref. 8765
"Voyage a capella. Du chant choral à la création vocale. Vol. 1 y 2". Fuzeau. Ref. 70735
Carmona, A.; Folklore Musical Español. Madrid.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011). Chorbuch, singen ist klasse. Schott Music.
Elorriaga, A. "Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes". Anexo Editorial.
Elorriaga, A. "Cuatro espirituales para voces adolescentes". Anexo editorial.
Villagar, A. "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes. Fundamentos técnicos y pedagógicos de la voz cantada". Año 2019. Ediciones Robinbook. ISBN: 978-84-120812-7-5.
Elorriaga, A. "El sonido se transforma: educación coral para adolescentes". Año 2018. Anexo editorial. ISBN: 978-84-941134-8-2.
Der junge Pop Chor. Vol. 1 a 10. Ediciones Bosworth.
Bedford, D.; "An exciting new game for children os all ages". Londres. Universal Edition.

Web www.atrilcoral.com

- "Percusión corporal": Libro con pequenas pezas de percusión corporal para ler individualmente ou en grupo. Recoméndanse os primeiros exercicios do libro para traballar desde o ritmo ata as dinámicas, as texturas, a forma musical e preparar algunhas das pezas do libro para interpretar en público.
- "Flip a rhythm" 4 volúmenes en dous libros con exercicios rítmicos para percutir a dúas mans, ou en parellas ou grupos. Práctico para comezar a ler figuras musicais en distintos compases.
- "Body Tap" pezas grupais de percusión corporal con CD con bases musicais para tocar por enriba. Estilos de samba, reggae, swing...
- "Na punta do pé". Músicas e danzas tradicionais de Galicia. Libro con CD e DVD.
- "Danzas del mundo 2" libro para traballar danzas de distintos lugares
- "Músicas del mundo" libro e CD sobre músicas de distintos lugares do mundo: África, Bali, India, China...
- "Musicalia Orff-instrumentarium" libro de arranxos instrumentais para instrumentos Orff. Para traballar en distintas unidades ao longo do curso. Dependendo das pezas, cada unha dela encaixa en unidades distintas ao longo desta programación.
- "Breve historia del rock". Libro e CD con acompañamento sobre diferentes estilos de rock.
- "Breve historia del jazz" libro e CD con acompañamento para 5 pezas orixinais que ilustran as principais correntes do jazz.
- "El canto en la historia y en el mundo". Libro e CDs con fragmentos musicais de distintos estilos, ilustracións, bibliografías de cantantes, e dúas partes diferenciadas sobre o a historia do canto e o canto no mundo.
- "Voyage a capella". Método de canto coral para iniciarse no canto e na lectura musical.
- ""Folklore musical Español" colección de 12 libros co cancionero de Nadal, cancionero infantil español, cancioneros de distintas comunidades autonómicas de España.
- "Chorchurch". Partituras a unha e dúas voces con acompañamento de piano en inglés e alemán, para coro escolar.
- "Cantos tradicionales españoles" selección de cantos tradicionais españois con arranxos pensados para coro de xoves con flexibilidade en dúas ou tres partes vocais.
- "Cuatro espirituales para voces adolescentes": espirituais tradicionais dos Estados Unidos con arranxos expresamente pensados para un coro mixto de adolescentes en dúas ou tres partes vocais adaptables a diferentes oitavas segundo o desenvolvemento larínxeo.
- "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes": este libro afronta a cuestión de cómo aprender a cantar a nenos e adolescentes tendo en conta os condicionamentos físicos, mentais e emocionais de cada fase de desenvolvemento infantil e xuvenil.
- "El sonido se transforma": repertorio coral adaptado ao cambio de voz na adolescencia, didáctica do canto en grupo, exercicios de técnica vocal para adolescentes, e explicacións de como realizar arranxos vocais para esta etapa.
- "Der junge Pop chor": 10 volúmenes de arranxos de pezas de pop para dúas voces femininas, que se poden cambiar de oitava. Arranxos pensados para coro xuvenil con acompañamento de piano. Texto en inglés.
- ""An exciting new game for children of all ages". Partitura de música contemporánea, disposta coma un tableiro de xogos no que os movementos realízanse lanzando os dados e os participantes producen sons, ou silencio segundo as instrucións dadas. Pode interpretarse con todo tipo de instrumentos.
- "Musescore": programa gratuito de edición de partituras.
- "Audacity": programa gratuito para mezclar e manipular pistas de audio.
- "Garageband": programa gratuito para sistema Mac co que se pode grabar música e misturar e manipular pistas de audio.
- "Music maker jam": app que é un pequeno estudo de grabación de 8 pistas nas que podemos misturar loops e usar instrumentos virtuais. Gratuita con algúns contidos de pago.
- "ireal": app de pago que funciona como un "Play alone", é dicir, toca os acordes de cancións para que poidamos cantar ou tocar por enriba. Podemos atopar cancións xa feitas ou escribir nós o esquema harmónico da canción usando cifrado americano. Pódese cambiar o tempo e estilo da forma de interpretar a canción e os instrumentos que a interpretan.
- "Music studio lite": app cun piano virtual e instrumentos gratuitos para tocar e grabar. Algúns instrumentos son de pago.
- "Loopstation" app para misturar distintos loops. Gratuita con algunhas partes de pago.
- "Web atril coral": web con partituras de coro gratuitas de todas as épocas e estilos. Válido para todas as unidades didácticas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto valorar as destrezas e desenvolvemento fisiolóxico do alumnado, com base para unha práctica musical sana. Tamén se incidirá na bagaxe musical e gustos propios do alumnado, e nas destrezas dixitais á hora de desenvolverse na Aula Virtual e na entrega de tarefas.

Non se incide nos contidos teóricos que o alumnado puido aprender, xa que na etapa da educación primaria, o horario dedicado á materia de Música é ínfimo e no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.

Para dita avaliación inicial realizaranse tarefas destinadas a avaliar o desenvolvemento psicomotriz, o ton muscular, a coordinación visomotriz e auditivomotriz do alumnado, así como o oído (interno e externo) e a saúde inicial da voz.

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	5	5	5	20	20	30	100
Proba escrita	100	100	100	90	90	0	0	0	0	24
Táboa de indicadores	0	0	0	10	10	100	100	100	100	76

Criterios de cualificación:

a) En cada trimestre se abordará a docencia de cinco partes.

b) As cinco partes son:

- 1.- Teoría
- 2.- Linguaxe Musical
- 3.- Práctica Instrumental
- 4.- Práctica Vocal
- 5.- Críticas musicais

c) A parte de Teoría valórase mediante unha proba escrita feita na clase. A porcentaxe de nota que aporta en cada trimestre é dun 25%. Inclúe os temas: 1.- Duración; 2.- Altura; 3.- Intensidade (Primeiro trimestre); 3.- Timbre: voz humana (Segundo trimestre); 4.- Timbre: instrumentos (Terceiro trimestre). O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral. O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias. O exame valorarase sobre a puntuación de 10. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media é de 2'5.

d) A Parte da Linguaxe Musical valórase mediante un exame oral entregado a través da Aula Virtual. A porcentaxe de nota que aporta en cada trimestre é dun 25%. Consta dun único tema dividido en tres partes: 1.- Figuras rítmicas básicas (Primeiro trimestre); 2.- Combinación corchea - semicorcheas; semicorcheas - corchea (Segundo trimestre); 3.- Síncopas de dous pulsos (Terceiro trimestre). Esta parte práctica avaliarase mediante un exame práctico que se corruxirá cunha táboa de indicadores ou rúbricas. O exercicio do exame estará dispoñible unha semana na Aula Virtual para que o alumnado poida estudialo. Ao longo da semana, o alumnado realizará unha gravación en vídeo na

que se vexa e escoite perfectamente interpretando o exercicio. Unha vez feita a gravación, enviará o exame a través da Aula Virtual no prazo establecido. Só en casos especiais (e previo aviso) se poderá entregar o exame fora do prazo establecido. O exame é sobre a puntuación de 10. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media é de 2'5.

e) A parte de Práctica Instrumental valórase mediante un exame oral entregado a través da Aula Virtual (no caso do ukelele ou percusión corporal) ou na propia clase (no caso do instrumental Orff ou outro tipo de instrumentos, tamén a percusión corporal se a tarefa se plantexa grupal). A porcentaxe de nota que aporta en cada trimestre é dun 25%. O contidos deste exame serán os traballados no trimestre. A obra a interpretar avaliarase mediante un exame práctico que se corruxirá cunha táboa de indicadores ou rúbricas. A partitura xunto coa planilla indicativa estará dispoñible unha semana na Aula Virtual para que o alumnado poida estudialo. e. Ao longo da semana, o alumnado realizará unha gravación en vídeo na que se vexa e escoite perfectamente interpretando o exercicio. Unha vez feita a gravación, enviará o exame a través da Aula Virtual no prazo establecido. Só en casos especiais (e previo aviso) se poderá entregar o exame fora do prazo establecido. O exame é sobre a puntuación de 10. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media é de 2'5.

f) A parte de Práctica Vocal valórase mediante un exame oral entregado a través da Aula Virtual. A porcentaxe de nota que aporta en cada trimestre é dun 25%. O contidos deste exame serán os traballados no trimestre. A obra a interpretar avaliarase mediante un exame práctico que se corruxirá cunha táboa de indicadores ou rúbricas. A partitura xunto coa planilla indicativa estará dispoñible unha semana na Aula Virtual para que o alumnado poida estudialo. Ao longo da semana, o alumnado realizará unha gravación en vídeo na que se vexa e escoite perfectamente interpretando o exercicio. Unha vez feita a gravación, enviará o exame a través da Aula Virtual no prazo establecido. Só en casos especiais (e previo aviso) se poderá entregar o exame fora do prazo establecido. O exame é sobre a puntuación de 10. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media é de 2'5.

g) Con estos criterios xa se pode levar a máxima puntuación na materia de Música (10). Non obstante, engádesse unha posibilidade de sumar nota (hasta un punto máis por trimestre, medio punto por cada tarefa) coa elaboración de dúas tarefas nas que se traballen os contidos do tema 6.- Contextos Musicais.

h) A nota de cada trimestre obtérase coa media aritmética dos catro exames (1.- Teoría; 2.- Linguaxe Musical; 3.- Práctica Vocal; 4.- Práctica Instrumental). A esta media engadiráselle a puntuación obtida polo alumnado nas dúas tarefas de Críticas musicais que se realizan en cada trimestre.

i) O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5. NON PODERÁ APROBAR NINGÚN ALUMNO/A QUE NON SE PRESENTE OU ENTREGUE ALGUNHA DAS PARTES DOS EXAMES (excluída a parte das críticas musicais que se avalían con traballos da aula virtual), independentemente de que a media das outras partes sexa de 5 ou máis de 5. Nestes casos, o alumnado recibirá unha puntuación entre 0 e 4 no boletín.

l) O redondeo EN CADA TRIMESTRE só se fai cando o decimal é '9 (por exemplo nota 8,9, de media: nota do boletín 9; nota 8,8 de media: nota do boletín 8).

m) A avaliación final será a media aritmética dos tres trimestres.

n) O redondeo para establecer a NOTA FINAL DE CURSO, faise a partir do decimal '5 (por exemplo nota 8,5 de media: nota do boletín:9; nota 8,4 de media: nota do boletín 8).

Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda un trimestre terá que facer a recuperación completa do trimestre suspenso (principios do terceiro trimestre) con todos os apartados do exame (non así a entrega das críticas musicais). Unha vez feita a recuperación, estableceráse esa puntuación para facer a media do curso. Se ao final, a suma das tres notas (contando as recuperacións) dá 5 ou a partir de 4'5, considerarase a materia aprobada. Se a nota final da menos de 4'5 considerarase a materia suspensa.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se se pasa a 3º curso coa materia de 2º pendente seguiranse dous posibilidades de procedementos (o alumnado decidirá a cal se acolle, aínda que se lle recomendará o trimestral):

a) Procedemento de recuperación en dúas partes: un boletín de traballo (60% da nota) para entregar segundo aviso da profesora e exames teóricos e prácticos (40% da nota) realizados segundo as datas establecidas pola Xefatura de Estudos do centro.

b) Procedemento de recuperación anual: un boletín de traballo (60% da nota) para entregar segundo aviso da profesora e os exames teóricos e prácticos (40 % da nota) realizados segundo as datas establecidas pola Xefatura de Estudos do centro.

Crearase unha Aula Virtual especial para este alumnado e que así sempre teña accesibles os contidos e recursos necesarios. Ademais, o alumnado poderá dirixirse sempre á profesora e preguntarlle nos recreos dúbidas ou peticións

de axuda necesaria.

O boletín de traballo puntuará sobre 10 puntos (independentemente da versión partida ou anual).

Os exames teóricos e prácticos inclúen unha proba escrita (feita na aula de música), e tres probas orais (entregadas a través da Aula Virtual): Linguaxe Musical; Práctica Vocal; Práctica Instrumental. As probas prácticas estarán dispoñibles durante unha semana para que o alumnado poida estudialas e preguntar dúbidas antes de gravalas e entregalas a través da Aula Virtual.

Naqueles casos que se necesite, establecerase dacordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría e da propia comunicación coa familia.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
2. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
3. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
4. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.
- 5.- Traballar coordinadamente co Departamento de Orientación, sobre todo co profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X		
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial				X	X			X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X		X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico					X	X		X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores				X		X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X		
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual						X		X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	
ET.2 - Creatividade	X
ET.3 - Autonomía	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X

Observacións:

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Tráballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. Realización das diferentes tarefas independentemente do xénero.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións final de curso, ben na propia aula ou no Salón de Actos.	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en privado ou público na Aula de Música ou no Salón de Actos.			X
Obradoiro de Batucada con Didier Díaz	Asistencia do grupo a un Obradoiro de Percusión batucada para poñer en práctica os aspectos rítmicos , tímbricos e interpretativos do 2º curso.		X	
Asistencia ao coro do IES Luís Seoane	Ofertarase de xeito voluntario a todo o alumnado de 2º de ESo e o instituto que así o desexe.	X	X	X

Observacións:

Neste curso faise efectiva a Creación do Coro do IES Luís Seoane, que estará formado por claquera membro da Comunidade do IES Luís Seoane que desexe participar. Os ensaios desta tarefa terán lugar os martes entre as 15:10 e as 16:20. A recepción de participantes terá lugar durante o mes de outubro, procedéndose á primeira reunión informativa o martes, 19 de setembro de 2023 ás 11:30 na aula de Música. O primeiro ensaio terá lugar o martes 26 de setembro de 2023. De xurdir outras actividades que se consideren de interese polo Departamento, serán indicadas á Vicedirección con tempo suficiente para realizalas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Ben ou acadado
Metodoloxía empregada
Mal ou Non acadado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Regular ou Mellorable
Outros
Comprobación dos obxectivos propostos
Idoneidade das Unidades Didácticas propostas
Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

1. CREACIÓN DO CORO DO IES LUÍS SEOANE

Neste curso académico ten lugar a creación do Coro do IES Luís Seoane, unha agrupación vocal que estará dirixida pola profesora titular e única do Departamento.

O coro intentará ser un lugar de interpretación musical baseada nos criterios mundiais dos coros de adolescentes e xobres adultos, aínda que as súas “cordas” estean integradas por calquera membro do instituto IES Luís Seoane que queira participar nel.

Os ensaios terán lugar os martes de 15:10 a 16:20. Para poder asistir aos ensaios habilitarase un lugar no que o alumnado poida comer no instituto (comida da súa propia casa), e a profesora de Música estará acompañándoos na comida facendo o xantar xuntos/as.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

Como establece o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a materia de Proxecto Competencial configurarase como un proxecto interdisciplinario con actividades que reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Deste xeito, a liña de actuación na que traballaremos ao longo do curso 23-24 terá a finalidade de realizar traballos empregando a metodoloxía de proxecto cooperativo centrados na temática de educación en valores, igualdade, loita contra a violencia, solidariedade, inclusión, etc. entre outros. Tendo en conta o calendario escolar 23-24 publicado pola Xunta de Galicia, consideramos que é importante informarse, formarse, comunicar, investigar e compartir co resto da comunidade educativa o reivindicado nas seguintes datas: 20N ou Día Universal da Infancia; 25N ou Día Internacional contra a Violencia de Xénero; 3 de decembro ou Día Internacional das Persoas con Discapacidade; 30 de xaneiro ou día Escolar da non violencia e da Paz; etc.

Esta programación para o curso 2023/2024 enmárcase no contexto do IES Luís Seoane da cidade de Pontevedra. O IES está situado nun barrio de nivel socioeconómico e cultural medio-baixo cun alto índice de desemprego e un elevado nivel de inmigración, que no que se refire ao alumnado, pode repercutir en dificultades de comprensión e expresión oral ou escrita nunha das linguas (ou nas dúas) nas que se pode impartir esta materia. Cóntase con catro grupos de 2º ESO, polo que o profesorado que imparte a materia coordinará as súas actuacións. Esta programación está moi relacionada coas actividades que se levan a cabo no IES, xa que forma parte da rede UNESCO, ten un equipo de mediación e un seminario de formación permanente e transversalidade. De todos estes frentes, traballamos conxuntamente a xestión emocional, a autoestima e a empatía como mecanismos básicos para a convivencia no centro.

Os grupos están distribuídos do seguinte xeito:

- 2º ESO A :11 discentes dos cales 2 repiten curso e un presenta NEAE (TDAH)
- 2º ESO B:12 discentes
- 2º ESO C: 11 discentes dos cales 4 repiten curso, 2 deles teñen NEAE (desvantaxe socio-educativa e un TDAH) e 2 máis proceden de Costa de Marfil polo que, o nivel de lingua castelá é moi baixo (nulo en lingua galea), por iso que hai que explicarlles as instrucións e axudarlles a comprender os contidos doutra maneira (parándose máis con eles, expresándose a veces en francés, axudándose de dicionarios ou tradutores dixitais, etc.).
- 2º ESO D: 17 discentes

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Todos somos un	Partiremos dos coñecementos previos do alumnado sobre por que creen que existen días internacionais ou días a conmemorar. O obxectivo será chegar a sensibilizar ao alumnado e ao resto da comunidade educativa sobre temas de moito interese como a saúde, os dereitos humanos, a cultura ou o medio ambiente. Distribuiranse os grupos de 2ºESO en equipos, escollerase un portavoz e elaborarán un plan de traballo tratando o 20N, o 25N e o 3D, entre outras datas relevantes. Investigarán sobre a orixe e necesidade de conmemoración das datas e comezarán a preparar os materiais para levar a cabo as primeiras actividades do proxecto (presentacións, pósters, entrevistas, podcast).	35	12	X		
2	Sen violencia e coas mulleres da man	Seguindo a mesma liña de traballo do primeiro trimestre, este centrarase no Día Escolar da non Violencia e da Paz, o día internacional da Muller e da Nena na Ciencia e o 8M ou Día Internacional da Muller.	30	11		X	
3	Cóidome a min e ao medio ambiente	No último trimestre do curso, estudaranse a saúde (física e mental) e do medio, seguindo as datas: 7 de abril ou Día Mundial da Saúde; 23 de abril ou día mundial do libro, 2 de maio ou Día Internacional contra o Acoso Escolar e 5 de xuño ou Día Mundial do Medio Ambiente	35	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Todos somos un	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Reflexionar sobre a importancia do proxecto a elaborar e os días que se pretenden traballar como datas fundamentais nas nosas vidas.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos, materiais para a realización dos traballos e exposicións do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a elaboración do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Sen violencia e coas mulleres da man	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias que xurdan.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Cóidome a min e ao medio ambiente	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto da liña temporal dos días internacionais estudados e traballados ao longo do proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal correcta e clara.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e unha presenza escénica axeitadas nas presentacións e exposicións.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar os recursos dixitais ao longo do proxecto e na presentación do mesmo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "A liña temporal de días internacionais do curso: estudándonos a nós e a el@s como ferramenta para mellorar os nosos vínculos e relacións e para valorar o que temos".

OBXECTIVO XERAL:

O obxectivo xeral do proxecto é crear unha liña temporal das datas máis relevantes celebradas e reivindicadas ao longo do curso académico mediante a investigación da súa orixe, da problemática presentada, das diferenzas entre culturas, países, relixións, etc.

AGRUPAMENTOS:

Para levar a cabo este proxecto os alumnos traballarán de maneira cooperativa en grupos de 2/3 persoas que irán cambiando en función da fase do proxecto na que nos atopemos. Na organización dos grupos se terá en conta a variedade de capacidades dos membros do mesmo para se podan axudar os uns aos outros. En cada grupo haberá sempre un portavoz que organizará o traballo da sesión e se encargará de comunicar á/ao profesor as dúbidas ou suxestións do mesmo.

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Despois da avaliación inicial (empregando a interrogación didáctica no grupo-aula) na que mediremos o nivel de

coñecementos previos que o alumnado ten sobre os días internacionais recollidos no calendario escolar , comezaremos a familiarizarnos coa primeira data de estudo, da importancia da súa existencia, da problemática rexistrada, etc. Seguidamente, traballárase o día contra a violencia de xénero, seguido do día internacional das persoas con discapacidade e o día da declaración universal dos dereitos humanos.

Para traballar estes temas, organizáremosnos en grupos de traballo cooperativo.

SEGUNDA AVALIACIÓN

Continuaremos afondando proxecto con búsquedas de información ás que engadiremos as seguintes datas relevantes: Día Internacional da Educación; Día Escolar da non Violencia e da Paz; Día internacional da Muller e da Nena na ciencia.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Nesta avaliación incorporaremos á liña temporal de traballo as seguintes datas: o Día Internacional da Muller; o Día Mundial da Saúde, Día internacional contra o acoso escolar e o día Mundial do Medio Ambiente.

Neste proxecto, trabállaranse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente ás seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Bioloxía e Xeoloxía (problemas ambientais, preservación do patrimonio histórico, natural e cultural...)
- Xeografía e Historia (estudo de datas, localización das cidades no mapa, persoeiros relevantes estudados....)
- Matemáticas (estadísticas e gráficas presentando os resultados das posibles enquisas realizadas...)
- Economía (xestión de recursos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquedas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (proxecto Edixgal)
Material de papelería (cartulinas, folios, rotuladores...)
Libros da biblioteca Maruxa Seoane do IES
Ferramentas ofimáticas: Writer, CALC, Impress, CANVA, Audacity...
Canón dixital
Encerado de xiz e tableiro branco

Para o traballo cotiá na aula de referencia da materia de Proxecto Competencial, o alumnado organizarase en grupos e empregará os seus ordenadores portátiles, modificando a posición das mesas e das cadeiras en caso necesario. A profesora proporcionará o material funxible necesario segundo a fase do proxecto que se estea a desenvolver. É altamente probable que nalgunhas das sesións se empreguen outros espazos do centro para exposicións ou grabacións, tales como a biblioteca, o patio ou os corredores.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial empregando a interrogación didáctica individualizada baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Asimesmo, avaliaremos o grao de coñecementos que o alumnado ten sobre as datas de estudo previstas e a súas temáticas para poder adaptar o proxecto ao que xa saben ou ao que lles gustaría saber sobre por qué se celebran

eses días internacionais e a importancia deles.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	30	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os procedementos de avaliación para os tres trimestres serán os mesmos. A forma de avaliar as diferentes partes do proxecto serán:

- Traballos con emprego das TIC, como presentacións, pósters, carteis en Impress ou PowerPoint, Canva, Genially, etc. (50%)
- Exposicións orais, debates ou discusións realizados no grupo-aula, presentación dos contidos (30%)
- Traballo diario na aula, cooperación e respecto polo traballo e opinións dos demais (20%)

Como instrumentos de avaliación empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos.

Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota da avaliación final de xuño será o resultado da media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas tipo test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente. De igual xeito, no caso de que a media aritmética das tres avaliacións parciais sexa inferior a 5 puntos, este/a alumno/a non terá a materia superada.

Antes da realización da avaliación final, este alumnado poderá recuperar a materia realizando unha proba escrita global, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. Deberá acadar unha nota de 5 puntos ou superior para poder aprobar a materia na avaliación final

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao longo do proceso de elaboración dos proxectos mediante o traballo cooperativo tense que enfatizar a atención á diversidade e tratar de axustar a metodoloxía para o alumnado que presente dificultades, prestando atención de maneira individualizada e se fose necesario, poñer en marcha ferramentas ou mecanismos de reforzo para minimizar esas dificultades.

O alumnado que tivera a materia pendente de 1ºESO poderá recuperar a materia realizando unha proba escrita tipo test de resposta única sobre diferentes contidos que se traballaron nos proxectos ao longo do curso antes da derradeira avaliación e de acordo co calendario escolar de recuperación de materias pendentes. Deberá acadar unha nota mínima de 5 puntos para poder aprobar a materia na avaliación final. De non ser así, en último caso, terá que presentar un proxecto final que conteña a lo menos un tema de cada unidade didáctica, correctamente redactado e

presentado como última opción de recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo as actividades serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto.

Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais.

Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso, poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Respecto mutuo	X	X	X
ET.11 - Cooperación entre iguais	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas, talleres, mesas redondas	Participación nas actividades organizadas a nivel centro, colaborando activamente co grupo UNESCO e coa coordinación de igualdade.	X	X	X
Saída didáctica conxunta: tres grupos de 1ºESO e catro grupos de 2ºESO	Práctica de todo o traballado durante o curso e para o establecemento de vínculos novos entre o alumnado dos distintos grupos de xeito respetuoso			X
Utilización das instalacións da radio do centro	Elaboración dun podcast relacionado cos contidos da materia nas instalacións da radio do centro		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel do alumnado ás necesidades do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

Esta programación foi elaborada en coherencia co seguinte marco legal:

Normativa estatal

Ley Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Ley Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de diciembre, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas del Bacharelato.

Normativa Autonómica

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Currículo de Relixión Católica

Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000.

A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.

O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común.

Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da

educación neste século XXI.

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo, así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións da vida como cidadáns e cidadás.

CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñecer e valorar os principais problemas do mundo actual.	PE	90
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Empregar recursos para coñecer a realidade actual.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Saber os aspectos básicos dos comportamentos demográficos en Galicia e España.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Aprender a debater de forma pacífica e respectuosa co resto de persoas.	TI	10
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entender a existencia da diversidade social e o negativo de determinados tópicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Destacar a importancia de determinado elementos para o desenvolvemento do mundo actual.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Desenvolver unha actitude participativa e respectuosa co resto do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
13	UD11 - De que escapas?	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñecer e valorar os principais problemas do mundo actual.	PE	90
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Empregar recursos para coñecer a realidade actual.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Concienciarse sobre a necesidade da aplicación de medidas específicas sobre os problemas do mundo actual.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Recoñecer a existencia de comportamentos discriminatorios e a necesidade de crear unha sociedade máis inclusiva.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Saber os aspectos básicos dos comportamentos demográficos en Galicia e España.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entender o noso papel dentro do sistema global e as medidas que podemos aplicar como individuos e como membros dun colectivo.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Aprender os mecanismos básicos para exercer unha cidadanía activa.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Aprender a debater de forma pacífica e respectuosa co resto de persoas.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entender a existencia da diversidade social e o negativo de determinados tópicos.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Recoñecer as bases sobre as que se sustenta a nosa cultura europea.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Destacar a importancia de determinado elementos para o desenvolvemento do mundo actual.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Desenvolver unha actitude participativa e respectuosa co resto do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
14	UD12 - Mundo cheo e mundo baleiro.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñecer e valorar os principais problemas do mundo actual.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Empregar recursos para coñecer a realidade actual.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Recoñecer o impacto do ser humano na contorna e a necesidade de desenvolver un comportamento máis sustentable.	PE	90
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Sinalar a importancia da necesidade de medidas en favor da sustentabilidade e a inclusión social.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entender a diversidade existente na sociedade e a necesidade de construír en favor de todas as persoas e colectivos.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Aprender a debater de forma pacífica e respectuosa co resto de persoas.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entender a existencia da diversidade social e o negativo de determinados tópicos.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Destacar a importancia de determinado elementos para o desenvolvemento do mundo actual.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Desenvolver unha actitude participativa e respectuosa co resto do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
15	UD13 - España e a UE: organización e desafíos.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñecer e valorar os principais problemas do mundo actual.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Empregar recursos para coñecer a realidade actual.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entender a diversidade existente na sociedade e a necesidade de construír en favor de todas as persoas e colectivos.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Identificar os principais desafíos a nivel global e as posibles solucións que debemos adoptar como sociedade.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Recoñecer os principais problemas que nos afectan como sociedade.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Recoñecer as bases que dan fundamento á nosa sociedade.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Aprender a debater de forma pacífica e respectuosa co resto de persoas.	TI	10
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entender a existencia da diversidade social e o negativo de determinados tópicos.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entender as bases nas que se organiza a idea actual de Europa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
16	Proxecto3 - Arreglando o mundo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñecer e valorar os principais problemas do mundo actual.	TI	100
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Empregar recursos para coñecer a realidade actual.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Recoñecer a situación na que se atopan diversos espazos naturais e humanizados e a necesidade da aplicación de medidas para a súa resolución.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Identificar os principais problemas sociais e a necesidade da aplicación de medidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entender a diversidade existente na sociedade e a necesidade de construír en favor de todas as persoas e colectivos.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Identificar os principais desafíos a nivel global e as posibles solucións que debemos adoptar como sociedade.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Recoñecer os principais problemas que nos afectan como sociedade		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Aprender a realizar pesquisas e xestionar a información na rede e libros impresos de forma autónoma.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Recoñecer as bases que dan fundamento á nosa sociedade.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Aprender a debater de forma pacífica e respectuosa co resto de persoas.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entender a existencia da diversidade social e o negativo de determinados tópicos.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entender as bases nas que se organiza a idea actual de Europa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Desenvolver un comportamento maduro asumindo as responsabilidades depositadas en función do contexto e as capacidades de cada persoa.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Entender o papel xogado como individuos e membros dun colectivo humano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No desenvolvemento desta programación didáctica para a aplicación da práctica docente poremos en marcha toda unha serie de actuacións e metodoloxías pensadas para a consecución dunha aprendizaxe o máis axeitada e individualizada posible para o noso estudiantado.

En primeiro lugar debemos destacar a vocación eminentemente activa da nosa metodoloxía, xa que se ben é certo que partiremos das explicacións por parte do docente, á hora de organizar o coñecemento realizaremos unha serie de preguntas orientadas a captar o interese do alumnado e interiorizar os aspectos básicos. Do mesmo xeito, na segunda parte da clase serán os estudantes os que porán en práctica estes coñecementos a través de diferentes actividades.

Será mediante estas tarefas a maneira coa que desenvolveremos a autonomía do alumnado, tratando de resolver os exercicios atopando respostas ben mediante a análise e reflexión posterior ou mediante o reforzo mediante a busca de coñecemento. Algunhas destas tarefas buscarán o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado, aínda que boa parte das mesmas permitirán unha consolidación das habilidades expresión escrita e lectura comprensiva a través de medios máis tradicionais (principalmente mediante fichas proporcionadas polo docente ou preguntas escritas no encerado). A educación en valores e a atención á diversidade serán tamén os piares que fundamenten a nosa práctica docente, sendo os contidos o mecanismo empregado para a consecución dos primeiros e estando sempre abertos á aplicación de adaptacións en función do alumnado e o contexto sempre que sexa necesario. Por último debemos destacar tamén a importancia da aprendizaxe colaborativa coa implantación de actividades pensadas para realizar en grupos reducidos, así como os grandes proxectos nos que o alumnado terá que organizarse con outros compañeiros para repartirse o traballo, compartir información e chegar a acordos sobre as conclusións e a orientación que debe seguir cada proxecto.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro virtual.
Presentacións e apuntamentos do profesor.
Fichas de actividades.
Fragmentos literarios e audiovisuais.
Plataforma E-Dixgal.

Á hora de organizar a nosa práctica docente empregaremos materiais de carácter diverso orientados a traballar diferentes elementos da materia, destacando en primeiro lugar o libro virtual, ferramenta de guía para o noso alumnado, cun carácter similar ás presentacións elaboradas polo profesor e empregadas na aula (compartidas a través de EVA E-Dixgal). En segundo termo teremos outra serie de elementos empregados para traballar co alumnado dunha forma máis activa, estas son as actividades do propio libro dixital, pero tamén fichas elaboradas polo profesor e diversos recursos escritos e audiovisuais que o alumnado analizará e empregará para reflexionar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A realización dunha avaliación inicial é precisa para coñecer o nivel de partida do grupo e de cada individuo que o conforma. Esta será elaborada os primeiros días do curso e partirá das propias impresións que teña o profesor na aula (recollidas no caderno do profesor e referentes a actitudes, respostas e impresións xurdidas do contacto co alumnado), do mesmo xeito tamén realizaremos unha proba en si mesma organizada a través dos contidos da materia, pero que prestará especial atención ó dominio das competencias por parte do alumnado (en especial as competencias lingüísticas, a capacidade analítica, reflexiva e a destreza á hora de expresar as súas ideas coa maior corrección posible).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	5	5	4	4	5	4	6	7	8
Proba escrita	90	90	90	90	90	0	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	100	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	8	8	8	8	8	100
Proba escrita	0	90	90	90	90	0	69
Táboa de indicadores	100	10	10	10	10	100	31

Criterios de cualificación:

Dentro da organización da materia debemos destacar a maneira na que avaliaremos tanto cada trimestre como a forma na que obteremos a nota final.

A forma de organizar cada trimestre basearase na realización de probas sumativas, nas que o alumnado será avaliado de máis dun tema (normalmente dous, aínda que poderían chegar a ser tres se considerásemos que a súa carga conceptual non é excesiva), ao que debemos engadir a realización e presentación do prexecto de cada trimestre (avaliado a través dunha rúbrica) chegando a ter estes elementos un peso do 70% sobre a nota final. O 20% seguinte virá determinado por outra clase de probas menores asociadas aos temas que o docente considere necesario traballar (sobre todo arredor de mapas no apartado de xeografía) ou a realización de traballos individuais sobre aspectos realizados cun tema en concreto (avaliados a través dunha rúbrica). Por último, o 10% restante estará asociado ó traballo diario na aula, sacado tanto das intervencións na aula (5% e recollidas no caderno do profesor) e a avaliación da libreta de cada alumno (5% e a través de rúbrica).

Así poderemos computar sumando cada elemento a nota de cada avaliación, mentres que a nota final virá determinada pola nota acadada en cada trimestre, aínda que o peso que ten cada un vai variando de forma gradual, computando o primeiro un 25%, o segundo un 35% e o terceiro un 40% (Nota da primeira avaliación x 0,25 + nota da segunda avaliación x 0,35 + nota da terceira avaliación x 0,4).

Á hora de poñer as notas redondearase sobre 0,5.

Criterios de recuperación:

En caso de non superar algunha das avaliacións proporemos a realización de exercicios de reforzo para mellorar aquelas destrezas nas que o alumnado presente maiores dificultades. En caso de non lograr superar a materia coas notas acadadas nas 3 avaliacións o alumnado terá que realizar unha proba de recuperación da materia suspensa (as avaliacións que non conseguira aprobar), tendo que realizar un caderno de exercicios (30% da nota) e a realización dunha proba escrita (70% da nota).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso do alumnado que teña a materia pendente porase en práctica o programa para a recuperación da materia, suministrándosele cada mes unha serie de exercicios que deberán ir realizando de cara a preparación da proba de recuperación escrita. En cada caso, a realización e entrega dos exercicios de recuperación de forma correcta suporá o 50% da nota, mentres que a realización da proba escrita computará o 50% restante. Será vital entón o traballo regular e a comunicación co docente de cara a superación da materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

Dentro da aula aplicaranse medidas de atención á diversidade para todas as persoas que a precisen no momento en que sexa necesario. Estas poden ir dende medidas leves como a explicación individualizada, a adaptación de contidos para aquelas persoas ás que lles sexa máis doado achegarse a eles se tivesen algunha dificultade, a realización de actividades de consolidación e reforzo ou mesmo a adaptación dos exercicios, procedementos e instrumentos de avaliación se fose necesario.

Da mesma maneira, en caso de atopar casos que teñan un nivel superior ó resto da clase, subministraráselles outros desafíos cos que complementar o traballo diario na aula, como por exemplo actividades de ampliación ou mesmo proxectos de carácter optativo.

Por último debemos destacar que se tomarán as medidas descritas nos protocolos de actuación con respecto o alumnado NEE e NEAE, pero tamén procuraremos que os materiais e metodoloxías empregadas vaian aplicadas a todas as persoas (sempre que sexa beneficioso, como pode ser o uso de imaxes para facilitar a comprensión, o tipo de fonte á hora de traballar con textos ou mesmo o espaciado entre palabras e exercicios).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación ambiental								
ET.2 - Educación cívico-social.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Obxectivos de desenvolvemento sostible.								
ET.4 - Educación para a igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumidor.								
ET.8 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Educación ambiental		X				X	X	X
ET.2 - Educación cívico-social.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Obxectivos de desenvolvemento sostible.				X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.6 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumidor.							X	X
ET.8 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O desenvolvemento das competencias será traballada durante todo o curso en todas as unidades didácticas, estando asociada tanto ós contidos como ás competencias e ó propio traballo na aula. No que respecta á educación cívica e social estará vencellada ó propio traballo das ciencias sociais, baseado na análise, reflexión e na construción do espírito crítico. A educación ambiental arredor dos principais problemas do mundo actual, do mesmo xeito que os obxectivos para o desenvolvemento sustentable. No que respecta á comprensión e expresión, esta será traballada a través das diferentes actividades desenvolvidas na aula, mentres que o emprendemento estará sobre todo vencellado ó traballo en equipo (coa coordinación, liderazgo e a creatividade). Por último, os elementos restantes terán un peso fundamental no comportamento na aula, aínda que teñan unha posta en valor singular ao traballar determinados temas relacionados (discriminación de xénero, racial, sexual ou o predominio da violencia en determinadas etapas do pasado).

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas de campo para a visita de museos ou sitios de interese.	Organización de saídas con carácter didáctico e asociadas a determinados temas da materia.	X	X	
Charlas ou coloquios de carácter informativo.	Charlas para traballar sobre todo temas relacionados coa xeografía humana.			X

Observacións:

De ser posible e en función das condicións nas que nos atopemos (tempo dedicado á preparación da materia, liberdade de calendario ante posibles compromisos e condicións meteorolóxicas dese día), gustaríanos levar a cabo polo menos dúas saídas de campo orientadas a coñecer as dúas etapas históricas estudadas, por exemplo no que corresponde á Idade Media, barallamos diversas opcións como pode ser o traballo asociado ó museo de Pontevedra (coas súas visitas ós principais monumentos medievais da cidade e os seu patrimonio histórico-artístico no propio museo), aínda que de ser posible tamén contamos coas opcións á visita do Castelo de Soutomaior ou a máis difícil visita á vila de Ribadavia (co seu museo sefardí e o castelo da casa dos Sarmiento). No caso da época moderno atopamos a posibilidade de explotar unha saída á Real Vila de Baiona, co seu museo Carabela Pinta e a fortaleza de Monte Real.

De ser posible tamén podemos chegar a organizar charlas relacionadas con temas relacionados ben co funcionamento político ou ben coa problemática actual, neste caso aproveitando o traballo con asociacións de carácter local preocupadas por esta clase de problemáticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Os obxectivos didácticos están ben formulados
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Metodoloxía empregada
E ordenado nas explicacións
Explica con claridade
É innovador.
As actividades foron variadas e motivadoras.
Emprega variedade de recursos
Demostra coñecemento da materia
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Resolve dúbidas
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase
A temporalización foi adecuada.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Planifica leccións, ensina e avalía
Medidas de atención á diversidade
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Realizouse avaliación inicial.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de avaliación foron axustados.
Ofrece oportunidades de recuperación
Clima de traballo na aula
Sabe dirixir as clases
Valoración xeral da materia
Motiva ao alumnado
Crea ambiente de aprendizaxe

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados